

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 3 | Edición nº 35 | Novembro de 2017 | Prezo 2 euros

3.099
actuacións
"A Pé de
Barrio"



Páxina 8

70 locais no
Santiago(é)
tapas



Páxina 9

Ribeira Sacra
vendimou 5,5
millóns de
quilos de uva



Páxina 10

O ourensán
Faustino
Miguez
canonizado



Páxina 12

Orzamento de
256 millóns
no Concello
de Vigo



Páxina 22



13º Congreso do PSdeG-PSOE

Páxina 6 e 7

Entrevista



Goretti Sanmartín,
Vicepresidenta da Deputación da Coruña

"Son unha persoa do BNG, e
sempre defendemos a
desaparición das deputacións"

Páxina 5



VIÑA do CAMPO



www.bodegasdocampo.com
Tlf. 988 470 258
Sampaio. Ribadavia - Ourense


Ribeiro

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Este 155 é inconstitucional e liquida o Estado das Autonomías

O artigo 155 da vixente Constitución faculta ao Goberno do Estado para intervir o Poder autonómico no marco da autorización que lle outorgue o Senado. Inspirouse na “coerción federal” do artigo 37 da Lei fundamental de Bonn (norma constitucional alemá) e non constitúe un título competencial para anular, suspender ou suprimir os Gobernos e/ou Parlamentos autonómicos, nin moito menos para disolver estes e convocar eleccións.

Outros ordenamentos federais ou de Estados compostos, como as Constitucións italiana e austriaca si prevén a posibilidade de suspender ou anular Gobernos e Parlamentos territoriais en casos extremos. Mais as normas constitucionais española ou alemá non, senón que prevén con carácter aberto a posibilidade de intervir as Institucións autonómicas, a medio mesmo do rescate temporal de determinadas competencias, pero non constitúen autorización nin-

gunha para que os Gobernos centrais ocupen as Institucións territoriais ou destitúan ninguén. De feito, o Congreso que aprobou a Constitución rexeitou unha emenda presentada pola AP de Manuel Fraga para lle outorgar ao Goberno do Estado a facultade de disolver Parlamentos ou cesar Autoridades autonómicas. Unha decisión que amosa nidiamente a intención dos constituíntes.

Cómpre clarexar que estes argumentos foron xa publicados hai anos por relevantes xuristas unionistas como José María Gil-Robles y Gil Delgado ou o profesor García de Enterría. Nos últimos días foi tamén a tese do Consell de Garantías Estatutarias da Generalitat, o mesmo que declarou ilegal a aprobación das leis catalás de referéndum e transitoriedade. Velaí as evidencias desta arbitraria inconstitucionalidade. Porque, mesmo que se declararan consonte co artigo 116 da Constitución o estado de excepción ou o estado de sitio esta declaración non po-

dería nunca disolver o Parlament nin cesar o Govern.

A aprobación deste 155 ven de liquidar as poucas garantías de autogoberno para Galicia e demais nacionalidades, definidas na Constitución e nos Estatutos. O Goberno do Estado, seguindo a Carl Schmitt, ven de se situar por riba da Constitución ao legislar sobre o estado de excepción á marxe da mesma, enviando a mensaxe de que, no futuro, os Gobernos autonómicos poderán ser cesados e os Parlamentos autonómicos disolvidos.

Deste xeito, ráchase coa garantía constitucional da blindaxe das Institucións de autogoberno das nacionalidades do Estado español na súa autoorganización e funcionamento. Sabíamos xa que o ámbito competencial do autogoberno non estaba blindado e que foi continuamente baleirado estes anos con profusa lexislación recentralizadora. Mais agora reconducése o dereito á autonomía política a unha mera descentralización admi-

nistrativa. A autonomía política de Galicia ou Catalunya xa non é sagrada en termos constitucionais. Agora é unha mera concesión outorgada.



Como pasou coa reforma do artigo 135 (que priorizou o pagamento da débeda pública sobre o financiamento da sanidade, a educación e demais servizos públicos) outravolta o bipartidismo dinástico (agora feito tripartito coa inestimábel achega de Cs) rachou coas regras de xogo. Porque o que pasou cos esta aplicación do artigo 155 afecta substancialmente ao dereito á autonomía das nacionalidades do artigo 2 da Constitución. Desaparece, de feito, a garantía da autonomía recoñecida nese artigo.

As forzas unionistas veñen de aprobar unha mutación constitucional fundamental sen abrir melón ningún. O Estado das Autonomías morreu xa. Non sabemos o que virá, mais polo de agora semella que imos cara unha recentralización e renacionalización española moi potentes, moi pouco diluídas en formas de descentralización puramente administrativa.

Carta ao Director

Incendios e medios

Ante todo a solidariedade deste cidadá con todos os afectados pola criminal acción dos incendiarios na nosa terra.

A consecuencia desta criminal acción ata conleva a perda de vidas e os bens máis preciados de moitos veciños como as súas vivendas e medios de vida.

Constato que a maioría de alcaldes e alcaldesas ó carón dos seus veciños afectados no que respecta a canalización de axudas e intentar restablecer a normalidade nos seus municipios.

En cambio non me consta que ningunha autoridade local ó fronte de municipios inferiores a 20.000 veciños teña denunciado o organismo provincial por non cumprir coas súas competencias no que respecta a protección cidadá ante as emerxencias.

Os concellos de A Cañiza, O Covelo, Arbo, Crecente, Salvaterra de Miño, Mondariz e As Neves como zona cero sen ningunha instalación contra incendios e salvamento. Incluso o organismo da nosa provincia carece de bombeiros con cobertura a todos os municipios mencionados.

Imposible que os tres obreiros de Man-

tenimiento de Infraestructuras, S.A. por garda con base na comarca viguesa atender con eficacia e garantías unha situación de emerxencia en situacións normais. Na situación de excepción vivida en outubro, 2017; invisibles e sen ningún reforzo ó estar en mans de concesionarias con ánimo de lucro e sen vinculación algunha coas emerxencias.

Incluso o Concello de Ponteareas que rebasa os 23.000 veciños carece do obrigatorio servizo básico ante unha emerxencia e actúa con negligencia ó enganar a cidadanía o contar con conserxes, condutores e peóns coa uniformidade de bombeiros cando so son contratados algúns incluso ó marxe da Constitución.

No caso de emerxencia nun edificio de oito alturas mellor non pensar ó estar o camión autoescala máis cercano no Concello de Vigo xa que o do Consorcio Provincial de Pontevedra so chega as cinco alturas. O núcleo urbano ponteareano con garaxes ata tres andares soterrados que en caso de incendio os veciños en alto risco ó carecer de bombeiros o concello que so conta con un GRUMIR composto por dous camiións unibáns históricos e



Veciños loitan contra o lume en A Cañiza. Foto Anxo Gutierrez

unha carroceta urbana con capacidade de 1.500lts. de auga.

A conclusión é que independentemente dos cambios nas políticas forestais; a necesidade de que o Concello de Ponteareas esta na obriga de contar con 23 bombeiros, un camión autoescala, un camión de primeira intervención e un no-tríz. Esta claro que misión imposible pola situación económica do concello que en cambio presta servizos so que non esta

obrigado como o conservatorio e escola de música, escola infantil, residencia de anciáns e algúns máis.

Agardo que as alcaldías dos outros concellos mencionados defendan ós seus veciños e exixir do organismo provincial instalacións públicas de extinción de incendios e salvamento e non so acudir con lamentos cando algún veciño teña un sinistro.

José Carlos Represas Domínguez

Por Guillermo Rodríguez

O sexo, o amor fronte ao Poder

Tal vez os lectores deste humilde xornal están á espera de que o director tratara nas súas reflexións ou editoriais sobre Cataluña. Sinto defraudalos. Persoalmente estou de Cataluña ata o cocote. Levamos meses, por non dicir anos, con Cataluña sobre a mesa. É non se trata de infravalorar o tema, nin moito menos; trátase de cambiar de aires un chisco para poder así mellor osixenármolos. Hoxe vou volver aos meus temas recentes sobre a erótica do Poder, só que neste ocasión non se vai tratar dos efectos eróticos do Poder senón, máis ben, de como a erótica, o sexo inflúen no Poder. Para iso voume apoiar nun traballo que nos ofrece a escritora Elena Sanz.

Fálanos da enorme influencia do sexo, do amor na historia da Humanidade. Como en todo acontecemento histórico podemos atopar motivacións sexuais, eróticas; causantes, moitas veces, de certos bandazos da Historia. Lembremos, aquí, o dito de Juan Ruíz, arcebispo de Hita: “Como dixo Aristóteles, cousa verdadeira é// que o home por dúas cousas traballa, a primeira// por conseguir sustento, a outra por “encontro” con femia pracenteira”. Ou sexa, as metas da Humanidade serían alimentarse e copular. Isto explicaría que o sexo e o amor poidan, en ocasións, alterar o rumbo da Historia.

Dende a remota historia o sexo ten prestixiado ao poder. Dende o macho alfa primitivo dominante da manada fecundando a cantas femias fora capaz, que se sometían obedientes; durante a época histórica dos faraóns que tiñan dúas de esposas, nalgúns casos como garantes de acordos internacionais, a Salomón, rei de Israel que soportou, por razóns do seu cargo a enorme tarefa de contentar setecentas fêmeas e trescentas concubinas; con moita frecuencia as directrices políticas dun estado cócíanse no harén entre favoritas e eunucos, coas intrigas de por medio nas que o impulso sexual se confundía cos intereses dos grupos de presión. No caso de Salomón desviou o seu proxecto político-relixioso por amor ás súas esposas pagás.

É sabido que a sedución remata cambiando ou modificando as axendas políticas; lembremos a historia do rapto das famosas “Sabinas”. Cando Roma era aínda unha aldea do Lacio, houbo un momento en que as mulleres escaseaban ata o punto de poñer en perigo a supervivencia da tribo. Diante deste problema os emprendedores romanos raptaron ás solteiras da tribo veciña de Sabinia e casaron con elas. Cando os indignados sabinos se presentaron en Roma dispostos á guerra para recuperalas, as propias mulleres plantáronse no medio dos dous exércitos para evitar o conflito co seguinte argumento: se gañan os romanos, dixo a voceira das mulleres, perderemos os nosos pais e irmáns; se gañan os sabinos perderemos os nosos maridos e fillos; veña, logo, a paz”. Este criterio gañou e houbo paz entre os dous pobos.

O sexo ou a paixón amorosa foron os desencadenantes da guerra de Troia cando París, o principión picaflor troiano, seduciou a Helena. A dona do rei grego Menelao fuxindo con ela. Isto é confirmado por Homero, o poeta cego. O mesmo podíamos dicir da invasión islámica de España en 711 que, segundo a lenda, foi o resultante da vinganza do conde don Julián, gobernador de Ceuta, porque o rei godo Rodrigo tiña seducido e violado a súa filla, Florinda o La Cava, na corte de Toledo.

Que dicir de Cleopatra? A súa chegada á historia de Roma ben puido alterar o destino do mundo. De entrada seduciou a Xulio César, que a subiu aos altares en Exipto, que se non o teñen asasinado houbera entronizado en Roma, como raíña



consorte; Roma camiñaba cara a unha monarquía cesárea; aínda así, o Imperio que César preconizaba chegou logo de que Cleopatra cativara cos seus encantos o sucesor de César, Marco Antonio, enfrontándoo con Octavio Augusto. A este non o seduciou porque, ao parecer, era un home máis ben frío e porque ela comprendeu que xa se lle tiña pasado o arroz preferindo suicidarse no esplendor da súa madura beleza antes de permanecer cativa en Roma.

O Imperio Romano non puido con Atila, o rei dos hunos, pero, cal sería o destino de Europa se o caudillo bárbaro non morrera prematuramente na súa noite de vodas cando no fragor da frenética “coxunda” lle estalou unha arteria? Cal tería sido o destino de España se a camarilla do Pardo tivese casado un chisco antes a Carmen Martínez Bordiú con don Alfonso, o primo triste de Juan Carlos, que pretendía igualmente o trono? Teríamos hoxe monarquía?

Só citaremos, a modo de exemplo, algún dos casos que teñen influído na historia de España. A amante e amada de Alfonso XI de Castela, Leonor Núñez de Guzmán (1310-1351) tivo dez fillos do rei, que se enfrontaron co seu medio irmán e rei lexítimo Pedro I o Cruel, quen co apoio da súa

naí, a raíña dona María, asasinou a dona Leonor tentando externar a súa descendencia. Conseguiu con tres: Fadrique Alfonso, Juan Alfonso e Pedro Alfonso, sendo, el mesmo asasinado por un deles, Enrique de Trastámara, quen se quedou co trono reinando como Enrique II “o das Mercedes” (1369-1379). Así se impuxo a dinastía que alcanzará ata Juana la Loca, que sería substituída pola dinastía dos Austrias ou Habsburgo. A paixón dos reis e raíñas altera o destino dos pobos.

Outro tanto ocorre co infante don Pedro de Portugal, quen aínda sendo príncipe se namora de Inés de Castro (1325-1355), dama galega de nivea pel, ollos azuis e pel nacarada. Ao rei Alfonso IV o Bravo e á corte non lles gustaba a galega e desacon-

las) era algo depressivo e tiña crecido sen amor. Casado por razóns de estado, cunha princesa belga á que non amaba, deuse ao puterío e á caza, ata que a baronesa húngara o seduciou.

O príncipe Rodolfo tiña preparado un ambicioso proxecto político que seu pai non aceptou.. enfrontado con el e fracasando os intentos de roubarlle o Poder decidiu suicidarse. María Vetsera acompañouno, como Clara Petacci e Mussolini e como Eva Braun e Hitler. Tamén fora sonado o caso do pronazi rei de Inglaterra Eduardo VIII, quen renunciou ao trono, abdicou conformándose co título de duque de Windsor polo amor da divorciada e pouco atractiva americana Wallis Simpson, a quen o goberno británico se negaba aceptar como raíña consorte. Igual que lle pasou a Miguel Boyer catequizado e apartado do Poder polo irresistible engado de Isabel Preysler. Especulouse que foran feitezizados polas habilidades sexuais das súas respectivas. Parece que a americana engaiolaba ao seu “panoli” inexperto británico mediante a práctica da “presa de Cleopatra”; unha destreza habitual no Lonxano Oriente que consiste en masaxear o pene cos músculos da vaxina, variante sexual descoñecida no pacato accidente cristiano, xa que é preciso que a practicante entrene eses músculos dende a infancia.

Na España recente apenas temos rumores de certas saídas de tono por parte dalgúns membros da realeza. Nada comparable aos casos anteriores. Non mundo hispano si que podemos afirmar que en canto chegan ao Poder van ao asalto de toda femia vistosa que se lle poña a tiro.

En Europa tamén temos casos que desestabilizaron ou estiveron a punto de facelo. Caso Profumo, ministro de defensa británico en 1936 que tiña por amante a Christine Keeler, que ao mesmo tempo atendía sentimentalmente a un ruso. O escándalo sacudiu os firmes alicerces do Imperio británico forzando a dimisión de Profumo que arrastraría na súa caída ao Primeiro Ministro Harold Macmillan. Sen saír de Inglaterra temos o caso de Carlos, príncipe de Gales, malcasado con Diana pero namorado de Camilla Parker Bowles. Como esquecemos do noso príncipe Felipe (hoxe rei) quen logo de picar varias froles impuxo o seu matrimonio con Letizia, unha divorciada plebea que xa vivira intensamente. Neste caso, ao que parece, a do actual Felipe VI foi unha acertada e feliz decisión. Ás fotos remítome, de portas para dentro, quen sabe?

Temos que admitir que o atrevido amor sexa Eros, Cupido ou San Valentín inflúen na Historia máis do que puidera parecer.

Se están namorados sexan felices, e se non o están... a que esperan?



Opinión

Por Daniel Lago Leiros*

Spain, Spain, flag, flag!

Esta é una das apoteóticas pezas do Tony Lomba (con licenza, agardo que non cobre o copyright). Non se ponham as gentes todas nervosas!! Una bandeira como símbolo que é tem o poder do significado das cousas. Non é o tema, mas una das brincadeiras que están a facer as gentes nestes días é sobre o enriquecemento que os empórios chineses están a ter nestas épocas tan rápidas, realmente tan rápidas que até dão vertigem, con a venda de bandeiras "patrióticas".

Non acho que seja una parte importante no PIB da actual China continental (isto podería gerar un conflito entre diplomatas já que levan as autoridade de Pequim mal o da separación entre a China e aquela ilha que coñeceron os portugueses e chamaron Formosa) o mercado das bandeiras con destino a este lado do sul da Europa, se ben, asinala una das realidades do nacionalismo no século XXI. Estamos de facto, ante un mundo que chega a ser tan globalizado que já até os

símbolos patrios, os símbolos de pertencenza a esas comunidades imaginadas que son as nacións, chegan de una fábrica de un desses lugares do non-mundo, onde realmente perde o ser humano o sentido de cidadá. Un ser humano tirado dos seus dereitos e que non vive para nada que seja para alén da obriga á sobrevivencia da refeición diaria. Isto é que pode ser calquer fábrica têxtil chinesa. E quem diz chinesa, diz mexicana, brasileira, marroquina,... neste

estar a vir do neo-colonialismo. É esta una das realidades deste novo mundo, que já após a fin do XIX Congreso do Partido Comunista da China



entra de cabeza numa involución baixo o liderado da maior ditadura jamás coñecida na historia da humanidade. Efetivamente, o neo-confucionismo e o neo-tradicionalismo, apoiado num forte discurso nacionalista -con a política de una única China e a imposición da etnia Han como modelo do que é que é chinés- é a base no que apoia o novo líder mundial. É assim que estende una involución

no progreso social e político que o ocidente democrático avanzado non coñecía desde a fin da 2ª Guerra mundial.

A v a n ç a m o s numa tendencia já marcada desde antes do comezo da crise económica e que afetou gra-

vemente e principalmente aos EUA e à EU; onde o Putin e o Xi numa alianza autocrática já têm nas suas mãos o destino do mundo. Con certeza, poderá ser este un mundo mais rico, porem, será con total

claridade un mundo mais injusto e un mundo con una desigualdade para alén do que nunca vivira a humanidade en nenhuma etapa histórica.

Ao domínio económico que chegou a China, agora somamos un domínio no pensamento e no filosófico, esa parte escura que no fondo dá forma á realidade e conforma o relato das nossas vidas e onde o Xi está já na altura mesma de Marx, Engels, Mao ou Deng Xiaoping. O noso futuro como sociedades poliarquicas é hoje muito mais fraco do que ontem. O noso futuro como sociedades autocráticas está a chegar.

As bandeiras dos nosos países, non son já as nosas bandeiras é o que nós está a dizer Xi, agora son as suas bandeiras, son as chinesas.

*Daniel Lago Leiros (Vigo, 1979) Licenciado en ciencias políticas na USC. Secretario nacional de programas e políticas de CxG. Secretario local en Vigo da formación galeguista.



CONTOS DE VERAN

Por Ramón Coira Luaces

A nosa terra morta nos seus fillos

Este é o resultado de máis de cincocentos anos de represión lingüística e cultural, de sometimento e explotación de Galiza, a miña única patria. Podedes estar orgullosos... e aínda dicides que os nacionalismos son malos e intolerantes. Todos menos o voso, claro. O voso é virtude... tantas veces imposta.

Durante moito tempo destrózanos a autoestima mutuamente entre nós, ben en serio ben con brincadeiras (cuestión menor que ás veces tamén diverte e axuda a mellorar). E eles frotábanse as mans. Sempre xogaron a dividírnos, pero eu prefiro aguantar críticas inxustas dun nacionalista que recibir unha medalla deste Estado e deste Goberno. E engado: Qué galego/a decente pode levar con honor a medalla de Isabel

"a Católica"? (que para nós sempre será "a Porca", por moitas series que fagades).

Xa sei que á dereita española lle gusta quedar ben a costa dos demais; pero eu non me presto a ese xogo. A Franco escollístedo vós, a vosa imaxe e semellanza. Onde está vivo o fascismo máis que no voso bando? Xa sei que a maioría de vós sodes -ou pretendedes ser- demócratas, até certo punto, claro está. Se o adversario se pasa, deixades de ser demócratas. Non si? Cos independentistas belixerantes ou activos, por exemplo, non sodes moi demócratas... Cústavos horrores non tirar a relocir os vosos peores instintos, convenientemente educados polos vosos medios de comunicación e polas corridas de touros (que televisades para todo o Estado).


E, mentres tanto, a nosa terra está morta na maioría dos seus fill@s, como dicía o poeta de Guitiriz, Xosé María Díaz Castro. Fill@s convenientemente adoutrinados e castellanizados polo Réxime. Queredes a paz? Eu coído que non. Vós o que queredes é a nosa rendición ou -incluso- a nosa extinción como pobo diferenciado. Se quixerades a paz firmariadela co BNG e cos demais nacionalistas e republicanos do Estado. Permitiríades o referendo catalán -que se vai acabar facendosen causar tanto sufrimento. Someteríades a monarquía a un referendo e negociariades unha nova Constitución, na que se recoñecese con todos os dereitos e deberes a realidade plurilingüística e plurinacional do Estado. Iso, se a maioría do pobo catalán non decide independizarse definitivamente... Pero vós preferides a nosa rendición e a nosa humillación individual e colectiva. A forza da razón contra a

razón da forza.

Porén eu coído -volvendo a Galiza- que alí onde haxa unha galega ou un galego de ben, haberá unha persoa defensora do seu país. Porque Galiza necesita, especialmente, ser defendida e liberada. As clases populares levan sufrindo anos e anos (como noutros lados); porén a cada un lle doe máis o seu, como é lóxico, sen que por iso deixemos de ser solidari@s.

En canto ao machismo -que non está relacionado co que digo pero si co que penso-, so direi que é difícil non ser machista cando fuches criado, educado e vives nun ambiente e nunha sociedade machista. É como pedirlle a un español/a que non sexa imperialista.

21 de outubro de 2017



Por Moncho Mariño

Entrevista a Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña

“Son unha persoa que forma parte do BNG, e sempre defendemos a desaparición das deputacións”

Goretti Sanmartín (A Estrada, 1966) leva no cargo de vicepresidenta da Deputación da Coruña desde as últimas eleccións municipais. Desde a súa formación, o BNG, hai tempo que apostaron por adelgazar as deputacións. Algo contradictorio? Ela mesma responde.

Considera que é cedo para falar de recuncar nun novo pacto PSdeG-BNG na administración provincial, pero do que si está segura e certa, é da necesidade ou ben de adelgazar as deputacións ou preparar o camiño para a súa eliminación.

Como se sabe nas deputacións un cargo non se escolle, é unha representación indirecta. O balance dese acordo, que era un acordo moi atrevido, que ía máis alá dunha suma de programas, senón que eran cuestións realistas sobre o papel das deputacións. Nese sentido a miña valoración é satisfactoria. Conseguimos obxectivar as axudas que van recibir os concellos, a través de varias ferramentas entre elas o Plan Único de Concellos. Que significa que cunha serie de criterios acordados desde hai anos, os fondos existentes terán unha distribución entre os diferentes concellos de tal maneira, que serán eles os que decidan como administralos, cunha liberdade total que antes non había. Non é quitar planos municipais para non acometer determinados obxectivos. Será dicirlles que terán unha cantidade e que os remanentes que aparezan vanse sumando a ese plan único. Dito plan, que ten unha axuda do cen por cen e os concellos terán liberdade para decidiren. Á parte diso, as liñas de subvención que se manteñen, son liñas obxectivadas, dotadas dunha comisión técnica externa e facer da con-

rencia competitiva sexa o criterio polo que nos rexemos. Así redúcense as nominativas ou a dedo que deberan ser para cuestións excepcionais.

E cal é a parte menos positiva?

No terreo das transferencias. Outro punto do pacto de goberno era conseguir o baleirado das deputacións, mediante as transferencias aos concellos. E si que fixemos reivindicación de transferencias á Xunta, mais de momento non son atendidas.

Por que pensa que é así?

Pois é evidente que para eles non é unha prioridade política. Están nunha actitude de non ser receptivos a ningunha comunicación a este respecto. Nós pensamos que non ten sentido que unha deputación teña centros de ensino ou residencias. Carece de toda lóxica, o que fixemos foi cando menos, nos espazos sen utilización ou infrautilizados, tivesen a maior utilidade pública. Un exemplo é o espazo da Residencia Calvo-Sotelo que pasa a ser residencia universitaria coa que se dá resposta á falta dunha residencia universitaria pública na cidade da Coruña.

Non lle parece contradictorio ser a vicepresidenta da Deputación



e pedir ou traballar no adelgazamento desa institución?

Son unha persoa que forma parte do BNG, e sempre defendemos a desaparición das deputacións. Desde a miña perspectiva non é contradictorio. A cuestión de que os cartos deberan ir directamente aos concellos, así pois, mentres existan as deputacións, debe haber unha distribución obxectiva e igual para todos dentro dela, e tentar conseguir que diferentes infraestruturas, sexan diferentes administracións quen leve ese espazo.

Como responsable da área de Cultura da Deputación da Coruña, cales son os obxectivos cumpridos e os que aínda non se acadaron?

Un dos obxectivos cumpridos foi poñer orde no reparto discrecional dos fondos que había en Cultura. Fundamentalmente da ordenación de liñas que consideramos prioritarias, como facer liñas competitivas en festivais, para fundacións ou para centros e museos. Decidimos eliminar as subvencións nominativas e fomentar a rede cultural da Deputación, unha ferramenta para que o tecido creativo poda ter unha presenza forte na provincia. E o que fixemos foi reorganizala en diferentes seccións e fomentar a produción propia. Tentamos

tamén desenvolver unha política en liñas xerais de apoio ao tecido asociativo.

Segue notando os recortes en cultura por cuestión da crise?

En xeral está claro que a cultura é a primeira en sufrir recortes. Penso que agora se está a recuperar, estamos incrementando os orzamentos en Cultura por parte da Deputación. Nese sentido, somos a institución que máis aposta polos festivais, cun millón de euros. Os festivais repercuten nas compañías e os artistas, que necesitan traballar dunha maneira máis estable e alongada. Necesitan saber que proxectos de pequenas entidades van poder seguir desenvolvéndose. Está tamén a hostalaría, o comercio e a dinamización económica arredor deles. Apoiar os festivais significa crear emprego e espazos de encontro. Imaxinemos o que significa o festival de Ortigueira para a vila e a comarca, por poñer un exemplo. A cultura dá emprego para todo un sector importante que move moito.

Ás veces parece que nos pactos doutras forzas co BNG, a esta forza política lle vai tocar a área de cultura. Non ten esa impresión?

Eu véxoo así, no BNG en cultura vemos moi claro o que temos que facer. Logo deses anos de crise, nos que pasamos de moita

xente en escena a espectáculos de monólogos ou de dúas persoas. O coñecementos que tiñamos do sector, pois obrigounos a realizar un investimento forte. Pero o mesmo que levamos Cultura, tamén levamos a Área de Cooperación cos Concellos.

Quedan menos dous anos para as municipais. Como concelleira do BNG en Santiago, ve un posible un pacto onde entre o BNG no goberno da cidade?

En política os tempos son moi importantes. Aínda é un tempo de avaliación para nós. Con este goberno, apoiamos cuestións de maneira indirecta tanto en investidura como orzamentos. Agora trátase de que a poboación faga unha avaliación sobre o grao de cumprimento e de melloras, e para o veredicto das urnas, queda aínda moito. Nós temos claro que fixemos unha oposición construtiva, pensamos que canto mellor lle vaia á cidade e ao goberno local, mellor é para todo o mundo.

Ten confianza nas enquisas?

Pouca. As enquisas marcan tendencias, poden indicar relativamente para onde van as cousas. Pero tamén estamos nun mundo cada vez de máis vertixe, onde un feito pode cambiar de maneira radical o sentir de parte da poboación. Nas últimas autonómicas daban por desaparecido ao BNG e non aconteceu tal cousa.



13º Congreso do PSdeG-PSOE Outra aposta polo cambio

Os socialistas galegos celebraron o seu 13º Congreso na última fin de semana de outubro co lema “Somos o Cambio”. Púxose fin á Comisión Xestora que, segundo moitas voces, tivo unha vida prolongada en exceso. Finalmente, despois das primarias do 8 de outubro, Gonzalo Caballero (Ponteareas, 1975), resulta elixido novo secretario xeral dos socialistas galegos. E serao logo dunha “travesía polo deserto” que xa durou oito anos. Desde as eleccións autonómicas de 2009, pasando por dous secretarios xerais e a xestora presidida por Pilar Cancela, a vitoria de Pedro Sánchez nas primarias federais do PSOE, ata este congreso, os socialistas en Galicia vivían nun limbo case que anárquico.

O 27 de outubro comezaba oficialmente o 13º Congreso do PSdeG-PSOE. O sábado 28 formáronse os diferentes organismos de traballo e comisións. Antes diso, houbo intervencións, non tan emotivas se se quere como as do domingo, pero eran esperadas por parte das delegadas e delegados cun aquel de morbo. O día antes o famoso artigo 155 foi aplicado por parte do goberno de Rajoy e o goberno de Cataluña era asumido polo gabinete de Madrid. Os ánimos estaban calmos, pero era evidente que a presión informativa desde Cataluña ía restarlle peso, moito, ao conclave socialista en Compostela.

En primeira fila dous expresidentes da Xunta, Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño. Faltaban os dous secre-

tarios xerais anteriores, Pachi Vázquez e José Ramón Gómez Besteiro. O voceiro parlamentario do partido no Parlamento Galego, Xaquín Fernández Leiceaga estaba tamén na primeira liña diante do palco. O momento esperado chegou cando Gonzalo Caballero entrou acompañado de José Luís Ábalos, secretario de Organización do PSOE. Os dous ocuparon canda seu lugar na bancada de diante despois dos saídos de rigor ás delegadas e delegados presentes.

Futuro, sorpresas, Cataluña e a esquerda da frustración

Gonzalo Caballero comezou a quenda de intervencións. Sinalou o seu gusto polo proceso de primarias. Nese sentido, rememorou o seu traballo nas primarias do 98 que deron a secretaría

xeral do PSOE a Josep Borrell e as que trouxeron a Pedro Sánchez. Quixo tamén deixar claro a necesidade por parte dos socialistas galegos, de re-configurar un proxecto galego e galeguista, que “xere ilusión, empatía e que é un proxecto de esquerda, porque o PSdeG é a esquerda”. Aínda así, o discurso de Caballero deixou unha mensaxe aberta a interpretacións “somos un proxecto que ten que ir detrás dunha coalición social de progreso que nos leve a un novo escenario no país”. Todo isto xunto supón para o novo secretario xeral que “a responsabilidade sexa inmensa, a vertixe dá medo e por iso necesito a axuda de todos e todas”. O compromiso, finalmente, pensar no futuro dentro de tres anos:

Sánchez presidente do goberno español e o PSdeG na Xunta.

Viñeron despois o secretario xeral das Xuventudes Socialistas, Aitor Manso a quen seguiu Rosa Arcos, da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais. Logo a primeira sorpresa do día, a intervención de Ramón Sarmiento, CC OO Galicia, quen na súa tamén breve intervención desexou o mellor para o novo secretario xeral e o seu partido. A continuación Antonio Gómez, UXT Galicia, quen lembrou como unha das mellores etapas os gobernos presididos por González Laxe e Pérez Touriño. E con el unha das primeiras referencias remarcables ao tema catalán, ao considerar lamentable dito debate e as consecuencias, cando no estado hai dous millóns de pobres.

A segunda sorpresa do sábado déuna Josep Borrell, quen enviou un vídeo para lembrar de Gonzalo Caballero que coñece a súa traxectoria desde 1998, o ano que Borrell gaña as primarias e Caballero era parte do seu equipo. A isto o político catalán sumoulle o ter sido parte do tribunal de tese de Caballero. Borrell deixou clara na súa mensaxe a necesidade de recuperar a socialdemocracia. Nomeou o caso austríaco e a falta de resposta por parte dos socialdemócratas fronte aos problemas que trouxo a globalización.

Dolores Villarino deixou claro que o seu presidente será sempre Pérez Touriño, sen prexuízo de Laxe. O mesmo Laxe continuou cun discurso emotivo, pediu superar as desconfianzas internas e ter un horizonte marcado pola proximidade das citas electorais. Emilio Pérez Touriño declarou a súa lealdade ao novo secretario xeral, criticou o nacionalismo insolidario e “sere-mos quen, con Pedro Sánchez no goberno español, de traer un futuro mellor para España”.

E a última intervención do sábado foi para o secretario de Organización do PSOE, José Luís Ábalos. Non andou con moitas voltas, o tema catalán ocupoulle boa parte do tempo. “Non é un problema territorial”- dixo - “é un problema institucional e de estado de dereito”. Un estado de dereito que, segundo Ábalos, leva a sinatura do PSOE na súa formación e que por iso o están defendendo. Tanto é así, que para o político valenciano, o réxime constitucional do 78 non



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Redacción

...ven da páxina anterior

pode entenderse sen o partido no que el milita. E por todo iso, Ábalos pediu esquecer dunha vez para sempre a idea das dúas Españas. A fórmula consiste nun recoñecemento das singularidades dentro do Estado, e traballar para que a cidadanía teña sentido de pertenza a un modelo nacional. Por iso defendeu estar do lado do PP no tocante a Cataluña, para a defensa da integridade do Estado. A culpa? “A covardía de setenta parlamentarios”, en referencia aos parlamentarios cataláns que votaron en urna e en segredo a proclamación da república catalana. Ábalos apuntou que a fractura aberta non será doado reparala. Que non se tiña que ter chegado ao 1-0 e ás porras e urnas, por tanto, ao fracaso do PP e ver o comportamento da “esquerda da frustración” como chamou a Podemos, en contraste coa esquerda útil que é o PSOE.

Domingo de proclamación

O domingo 29 as listas definitivas da Comisión Executiva Nacional están xa impresas. O pacto Caballero-Leiceaga materializouse na secretaría xeral para o primeiro e a presidencia do partido para o segundo. Novos nomes, como Pablo Arangüena que terá a vicesecretaría xeral Política e voceiro. Outros xa coñecidos como Beatriz Sestayo ou Carmela Silva formarán parte do comité federal.

A asistencia ao último día de congreso espera a chegada do secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez, acompañado polo novo secretario xeral galego. Isto prodúcese minutos antes da unha do medio día. Os dous entran seguidos pola prensa que bombardea a Sánchez con preguntas sobre Cataluña. Silencio. Minutos eternos despois, comezan as dúas intervencións finais.

O primeiro en falar ao auditorio é Gonzalo Caballero. Cun discurso moi na liña do sábado, Caballero insiste que as primarias galegas foron un exercicio en clave de país e de partido. “Isto debe traducirse en ofrecer-

lle á cidadanía galega unha opción de ilusión” porque “os galegos e as galegas non queren unha Galicia máis pequena, menos visible”. E cre firmemente que o PSdeG no seu conxunto “somos o cambio posible, o cambio crible, porque hai posibilidade de país”. Dita posibilidade pasa por que unha forza de esquerda chegue ao goberno da Xunta e ao central, esa forza é o partido no que milita, que despois dun longo período de incerteza “sae máis forte e renovado e con máis capacidade política”.

Esa capacidade política pasa, segundo as teses de Caballero, pola recuperación de “músculo” retornando a presenza do partido á rúa e ao activismo. Esa recuperación de masa muscular pasa por mostrar o partido como a forza política das mellores etapas de Galicia, en referencia aos gobernos de Laxe e Touriño, en mostrar que o socialismo é o do compromiso na loita contra a exclusión social, a desigualdade e a pobreza. Porque, sinalaba Caballero, a crise só acabou para algúns. A todo isto sumoulle un perfil galeguista, en clave de país, como alternativa ao rupturismo que afecta á gobernanza do estado. Por iso “agora temos que marcar a posición internacionalista do noso partido. Porque cremos no diálogo”. Dentro das propostas que foi debullando Caballero apareceron tamén as ambientais para adaptar novos hábitos de vida.

Sobre o goberno actual da Xunta de Galicia “o PP deixa con menos peso demográfico e económico a Galicia dentro do Estado, cun tecido industrial desfeito e con problemas no medio rural”. Todos estes elementos son os que terán resposta coa recuperación de peso do PSdeG na sociedade.

A intervención de Gonzalo Caballero rematou con tres puntos destacables. O primeiro, ter en conta a política municipal e



unha nova visión territorial onde as comarcas podan xogar un papel determinante na ordenación do territorio. O segundo foi insistir no liderado do PSdeG dunha coalición social de progreso coas forzas que piden cambios no país e por último unha folla de ruta conxunta coas forzas que piden ese cambio.

Sánchez pecha o congreso

A intervención de Pedro Sánchez era a máis esperada do domingo. Comezou o secretario xeral do PSOE coa crise catalana. Deixou claro que a executiva do partido estivo onde debía estar. Reclamou para a socialdemocracia o dereito de chamarse española, sen esquecer as liñas municipalistas e autonomistas que son propias do partido. O mesmo partido que tivo que defender o seu selo de español cando o franquismo llo quixo quitar, demonizando á esquerda como antiespañola.

Pero con todo, Sánchez pediu non esquecer a liña internacionalista do partido e que xunto a ela “defendemos unha España plural, que sempre soubo que para democratizar había que descentralizar”. Mais diante das disxuntivas, o PSOE opta pola

cohesión e pola unidade fronte ao independentismo “que traizoo ao catalanismo, o catalanismo que logrou o maior autogoberno para Cataluña”. E seguindo o discurso do seu secretario de Organización o sábado anterior, os parlamentarios secesionistas votaron en segredo para “protexerse a si mesmos e deixar ao descuberto á cidadanía catalana”. Todo isto acabará coas eleccións do 21 de decembro, nas que para Sánchez “gañará a convivencia, volverá a lei grazas ao voto dos cataláns”.

Sánchez ligou a este último punto á necesidade de revitalización da Constitución, superar “a crise da democracia representativa”, lembrando a petición de democracia real do 15 M, sen renunciar ao 78, non como fan outros, que renuncian e volven cando lles convén”. Entre os puntos a reformar na Constitución estarían os aforamentos parlamentarios, recoller o dereito a unha sanidade digna e a loita contra a desigualdade. A introdución dos dereitos medio ambientais, de dereitos de autor na era dixital e o dereito ao esquecemento en internet. Para que estes puntos sexan posibles

dentro do texto constitucional, sería necesaria a participación das novas xeracións, das ideas da sociedade contemporánea.

Sobre as consecuencias das políticas económicas do PP, pasou unha década perdida de desenvolvemento, nace a necesidade de reconciliar o crecemento económico e progreso social “Son as persoas as que pagaron unha crise que non comezaron” e este punto ligouno Sánchez coas políticas neoliberais que defenden “que a sociedade non existe, só individuo existe”, por iso a recuperación actual “é para os que máis teñen e non para os que puxeron o esforzo, con esa xente España ten unha débeda que devolverá a socialdemocracia que gobernará en breve”.

E para o remate, Sánchez fixo un exercicio de apelación, “aos que dicían que o PSOE estaba rompendo, aquí está o PSOE unido. Aquí está o PSOE que defende a integridade territorial”.

As palabras de Pedro Sánchez pecharon o congreso dos socialistas galegos. Os vindeiros retos electorais darán conta da forza que vaia collendo o novo proxecto.

O programa 'A Pé de Barrio' desenvolveu 3.099 actuacións de coidado dos espazos públicos e de rexeneración urbana

A concelleira de Medio Ambiente, María García, fixo balance a 31 de outubro das actuacións desenvolvidas polo Concello a través do programa intensivo de coidado e mantemento do espazo público A Pé de Barrio, que desde a súa posta en marcha o pasado mes de xuño abordou os distritos 10, 4, 3 e 1, o que inclúe os barrios de Monte Alto, Atochas, Cidade Vella, Orillamar, As Lagoas, Pelamios, Zalaeta, Orzán, Maestranza, Peixería, Durmideiras, A Torre e Agra de San Amaro, Mesoio, Novo Mesoio e Feáns, a zona de Vío e Caveiro, as urbanizacións Obradoiro e Breogán, Birloque, O Martinete, Somo, A Silva, Cances e San Cristovo das Viñas, Bens e Nostián.

Segundo detallou, foron 125 días de traballo, nos que se procedeu á limpeza intensiva e retirada de herbas en 463 rúas, a 450 baldeos nocturnos -dentro do plan especial de verán- e se acometeron un total de 3099 actuacións de coidado dos espazos públicos e de rexeneración urbana. Delas, 608 foron en fontes, o que inclúe as accións de mellora da súa eficiencia no aforro de auga e electricidade, de control de calidade e salubridade das augas, limpeza e retirada de sólidos flotantes, baleirado e hidrolimpieza e revisión do equipamento mecánico e eléctrico e o pintado de 643 metros cadrados de fontes. Outras 645 actuacións teñen que ver co alumado público, desde a substitución de lámpadas e equipos auxiliares, pintado de soportes, revisión de centros de mando, análise e correccións lumínicas e reposición de elementos da rede eléctrica, e outras 1552 foron actuacións de reparación e substitución de contedores e papeleiras, retirada de pintadas, reasentamento das tapas dos rexistros da rede de saneamento e actuacións de control de pragas e incidencias con aves. Ademais, a concelleira referiuse ás 263 intervencións efectuadas en parques e xardíns, incluídos os xardíns históricos de San Carlos e a Rosaleda, no Distrito 10, coa plantación de máis de 3000 roseiras e o pintado de bancos e si-



nais. Tamén se resolveron nestes meses 672 incidencias en materia de rexeneración urbana, entre reparacións nas beirarrúas, repintado de pasos peonís, substitución de baldosas, instalación e reparación de bancos, fontes e alumado, pavimentado e eliminación de fochancas nas rúas.

"A Pé de Barrio é unha pedra angular nas nosas políticas de proximidade, nas que cobra relevancia a atención aos barrios, a través dese coidado intensivo de mantemento e limpeza, pero tamén do resto de políticas municipais de todas as concellerías, para esa cidade dos barrios que intenta responder ás necesidades e as demandas históricas da veciñanza", sinalou García, quen salientou o "reto organizativo", que representa esta iniciativa, e recordou que concentra os traballos de 24 contratas municipais de distintas concellerías, especialmente, Medio Ambiente, Rexeneración Urbana e Mobilidade Sostible, cun operativo de limpeza en profundidade que se ve completado, durante o tempo en que o dispositivo opera nun determinado barrio, co resto de intervencións de mellora e reparación das distintas contratas. Con el, trata de darse resposta ademais ás suxestións que fai cidadanía a través das distintas canles de participación, desde os encontros 'Dillo ti' ao teléfono 010, e outras e actuacións concretas que saen á luz durante preparación de A Pé de Barrio en cada zona. Nese sentido, a concelleira salientou que o Concello realiza visitas aos comercios e a hostalería dos barrios -un total de 998 visitas desde o inicio do programa-

reunións previas coas asociacións veciñais.

O programa iniciouse en xuño nos barrios do Distrito 10 -Monte Alto, Atochas, Cidade Vella, Orillamar, As Lagoas, Pelamios, Zalaeta, Orzán, Maestranza, Peixería, Durmideiras, A Torre e Agra de San Amaro- con actuacións durante 90 días, que incluíron limpeza incluída en 368 rúas e 2.161 actuacións de coidado do espazo público.

No Distrito 4 -Mesoio, Novo Mesoio e Feáns, a zona de Vío e Caveiro, as urbanizacións Obradoiro e Breogán- actuouse durante 16 días, nos que se realizaron 392 actuacións de coidado do espazo público, 192 en parques e xardíns e 200 de rexeneración urbana, ademais de 55 limpeza intensivas de rúas. O dispositivo chegou na primeira quincena de outubro ao Distrito 3 -Birloque, O Martinete, Somo, Lamelas, A Silva, Cances e San Cristovo das Viñas-, onde se realizaron 40 limpeza intensivas en rúas, 337 actuacións de coidado do espazo público e 146 de rexeneración urbana. Por último, o Distrito 1 -Bens e Nostián- supuxo 78 actuacións de coidado dos espazos públicos e de rexeneración urbana e limpeza intensivas nas rúas do lugar de Bens, Nostián, Mazaído e Comeanda.

O programa opera agora e durante as próximas dúas semanas nos barrios do Distrito 7 como son o Barrio das Flores, Monelos, Elviña e Matogrande, ou a contorna da Estación do Ferrocarril. Tamén, a concelleira apelou unha vez máis a "esa colaboración necesaria, para manter as rúas libres de coches cando pasan os servizos de limpeza intensivos, e para manter eses resultados satisfactorios e de confort nos barrios".

Banco de vivendas en aluguer para persoas con dificultades de acceso a un teito

A Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, dirixida por Xiao Varela, vén de propoñer que a Empresa Municipal de Vivenda (EMVSA) poña en marcha un banco de aluguer de vivendas destinado á veciñanza que ten problemas de acceso á mesma. Con ese obxectivo, o responsable municipal deste departamento presentou esta mañá aos grupos da oposición o borrador da encomenda que o goberno local faría á empresa municipal.

A mesma, pasará tanto pola Xunta de goberno local coma polo propio consello de administración de EMVSA, que conta con representación das distintas formacións que conforman a Corporación Municipal.

Varela indicou a súa vontade de que todas as agrupacións do arco municipal coñezan o proxecto que quere levar a cabo o executivo local e realicen as achegas e suxestións que consideren necesarias. "Hoxe tivemos unha xuntanza na que se lles presentou a proposta e se lles convidou a levar a cabo un traballo conxunto. Cremos que é fundamental explorar e explotar as posibilidades que ten EMVSA, que debe converterse nun verdadeiro ente municipal que facilite as cousas a aquela parte da veciñanza que, por diversos motivos, ten máis complicado acceder a unha vivenda". "Garantir o acceso da cidadanía a unha vivenda digna é un dos principais obxectivos do Concello da Coruña. A ausencia dunha vivenda e contorna digna vai sempre parella a un marco de exclusión social no que as persoas afectadas ven vulnerados boa parte dos seus dereitos". "O banco de vivendas de aluguer reforzaría diferentes fitos en materia de vivenda postos en marcha estes últimos anos, como o Plan de Acceso ao Hábitat Digno, o inventario de mobles en estado de abandono da cidade, as axudas para a reha-

bilitación ou a adquisición de edificios e vivendas con destino a aumentar o patrimonio municipal do solo", comentou o edil.

"Para levar a cabo este ambicioso proxecto esperamos contar, cando menos, co apoio dos grupos municipais que teñen no seu ideario políticas de progreso e de fomento da vivenda digna, promovendo iniciativas que axuden aos colectivos con maiores dificultades", dixo, en relación a PSOE e BNG.

Para a posta en marcha dun banco de aluguer destinado a sectores da poboación con dificultades neste senso (mocidade, persoas maiores, mulleres vítimas de violencia machista, persoas afectadas por desafiuzamentos, e veciñanza con problemas económicos e de integración social),

Rexeneración Urbana propón que EMVSA arrende vivendas, preferentemente no termo municipal da Coruña, para a súa posta a disposición de terceiros. Na súa condición de arrendataria, a empresa pública asumirá todas as obrigas derivadas da normativa vixente. Os inmoables alugados pasarían a ser dados de alta no banco de vivendas de aluguer. "A nosa idea é favorecer tanto as persoas que teñen problemas para acceder a unha vivenda, como ás propietarias. Será a empresa de vivenda a que leve a cabo todas as labores de xestión derivados da formalización dos contratos de arrendamento: depósito de fianza, inventario da vivenda, elaboración de documentos xurídicos...", subliñou Xiao Varela, quen apuntou ademais á vontade do goberno local de "aumentar a partida que até o de agora se destinaba a un convenio co que se facilitaba o acceso a unha vivenda a colectivos vulnerables". "A nosa intención pasa por aumentar os recursos municipais o vindeiro ano até os 450.000 euros", explicou.

Santiago(é)tapas permitirá degustar máis de 100 tapas en 70 locais

O cociñeiro Jorge Gago, do restaurante A Maceta, preparou en directo na praza Roxa a tapa gañadora do Premio do xurado da edición de Santiago(e)tapas 2016, "Xurelo San Simón". Con esta acción na rúa, no que participou a concelleira de Turismo, Marta Lois, anunciouse o comezo da décima edición do concurso de tapas de Santiago, que terá lugar do 2 ao 19 de novembro.

Nesta décima edición de Santiago(é)tapas, evento xa consolidado tanto entre o público como entre o propio sector da restauración da cidade, introdúcese dúas novidades que pretenden facer máis sinxela a participación no concurso. Modifícase o Tapasporte, que pasa de ser un libriño a ser un despregable similar á credencial do Camiño. E amplíase o número de rutas de tapas de cinco a seis, de tal xeito que sexa máis sinxelo rematar unha ruta, ao contar con menos locais.

Ademais, nesta décima edición, as rutas noméanse cos diferentes Camiños de Santiago: Camiño Portugués, Camiño



Sueste, Camiño Primitivo, Camiño de Fisterra-Muxía, Camiño Inglés e Camiño Francés. Deste xeito faise máis patente o vínculo orixinario de Santiago(é)tapas entre a peregrinación a Santiago e unha peregrinación gastronómica polos locais da cidade.

A décima edición do concurso continúa mantendo un número moi elevado de locais participantes. Neste caso participan 70 locais, que ofertarán 101 tapas distintas, todas a un prezo único de dous euros e medio. O público participante poderá puntuar as tapas que probe, así como a ex-

periencia global no local. Entregaranse premios ao público en función do número de rutas completadas.

Por terceira edición consecutiva, Santiago(é)tapas está organizado de modo conxunto por Turismo de Santiago e a Asociación Hostalería Compostela, nun modelo de coparticipación entre o Concello e o sector privado da cidade. Este ano conta por primeira vez con Mahou como patrocinador principal e co patrocinio xa tradicional de Cash Récord, Coca Cola. Conta tamén coa colaboración institucional da Deputación da Coruña.

Doce entidades contarán con axudas municipais para actividades de fomento da igualdade

A concelleira de Igualdade, Marta Lois, deu conta da resolución aprobada o venres pasado pola Xunta de Goberno na que se concedían as subvencións a entidades que realizasen actividades a favor da igualdade entre homes e mulleres, e de prevención e loita contra a violencia machista. En total son 12 as asociacións as que acceden ás axudas nesta oitava convocatoria, que aumentou a partida orzamentaria por segundo ano consecutivo, pasando dos 20.000 aos 27.000 euros.

As axudas van destinadas a

12 entidades que teñen planos de fomento de igualdade entre homes e mulleres e de prevención e loita contra a violencia machista. Sobre este último punto, a concelleira de Igualdade explicou que "o enfoque para a concesión destas subvencións cambiou, co que o número de asociacións se incrementou, xa que se ampliou a todas aquelas asociacións que leven adiante proxectos de igualdade". Como exemplo puxo o Hockey Club Raxoi, que pretende iniciar un programa de igualdade entre homes e mulleres nun deporte ata o de agora masculinizado.

O Concello diseña un plan de formación multidisciplinar para os postos da Praza de Abastos

O Concello de Santiago, en colaboración coa Cooperativa da Praza de Abastos, ofrecerá dende o mes de novembro ata febreiro un plan de formación para os praceiros e praceiras do Mercado, no que se estudarán as posibilidades que se abren para os seus negocios en tres campos distintos: a ilustración como ferramenta de promoción, a eficiencia enerxética e o marketing dixital. As persoas interesadas poden participar gratuitamente en todas as accións formativas ou naquelas do ámbito concreto que máis lles interese.

O 11 de novembro, en colaboración co programa Compostela Ilustrada, celebrarase a Xornada "A Praza, corazón de Santiago", na que se amosarán as posibilidades que ofrece a ilustración para a promoción dun negocio. Explicaranse as técnicas para debuxar figuras

humanas e para engadir detalles de adorno, como dobres páxinas con produtos, e como seleccionar un titular para acompañar a escena. Con estas técnicas, mirárase o Mercado dende o prisma da ilustración e elixirase un plano para debuxar. As inscricións poden facerse en info@compostelailustrada.com.

O proxecto de mellora enerxética "Rexístrate e aforra enerxía na Praza de Abastos de Santiago!" está dirixido en exclusiva a praceiras e praceiros que teñan o seu negocio na Praza de Abastos de Santiago de Compostela e precisen formación e asesoramento en materia de aforro enerxético. Realizarase a monitorización de consumo enerxético a través de OTEA de 15 postos da Praza de Abastos de Santiago, así como das infraestruturas de servizo xeral do propio Mercado de Abasto.

Ciudadanos Santiago pide chan sintético para o parque infantil de Vista Alegre

O equipo de Cidadáns Cs en Santiago mantivo unha reunión coa asociación de veciños de Vista Alegre para coñecer as necesidades e problemas do barrio. Unha Asociación que trasladou á portavoz de Cidadáns en Compostela, "a urxente necesidade de cambio do chan do parque infantil, actualmente de area, por outro sintético que sexa máis limpo e seguro para o uso e goce dos máis pequenos".

"Os veciños teñen o temor de que os nenos que utilizan o parque poidanse contaxiar de enfermidades, xa que é habitual atopar excrementos de animais entre a area. A Asociación coméntanos que xa trasladaron esta queixa con anterioridade ao Concello,

sen que ata agora tivesen resposta. Estamos preocupados por esta situación e presentamos un escrito solicitando o cambio inmediato do chan por outro sintético para mellorar a seguridade dos nenos" manifestou a Portavoz de Cs en Santiago.

Doutra banda, María Vilas destacou o labor da súa agrupación que se reuniu con varias asociacións de veciños da cidade para recoller as súas queixas e opinións. "Presentamos a Raxoi moitos escritos con necesidades dos barrios, pedindo solucións



reais aos problemas concretos que a xente nos transmite. No noso partido temos claro que é importante solucionar problemas básicos como este, dando resposta ás peticións dos veciños, ao contrario que os representantes do Concello que parecen ir aos barrios unicamente a sacarse unha foto", concluíu a Portavoz en Santiago de Cidadáns Cs.

Ribeira Sacra vendimou 5,5 millóns de quilos de uvas de altísima calidade

O pasado 6 de outubro finalizou oficialmente a vendima na denominación de orixe Ribeira Sacra cun total de 5.515.694 quilos recolectados, na súa maioría da variedade Mencía, auténtica pedra angular na Ribeira Sacra. O pasado 19 de agosto comezaba puntualmente a vendima para aquelas adegas que, polas características e localización dos seus viñedos, facían que a uva cumprise os parámetros esixidos polo Consello Regulador. O día 7 de setembro foi a data oficial recomendada polo Pleno do Consello Regulador para o inicio da vendima. En total foron 49 días de intensa actividade nos viñedos e adegas da denominación de orixe.

Segundo José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador “é unha vendima temperá; pero non tan longa. É unha vendima que se foi realizando moito máis graduada do que era normal con respecto a outros anos. As maduracións na denominación son moi variadas e as adegas que compran uvas en distintos lugares van ampliando ese espazo de recollida de uva porque

é a maneira de ter unha materia prima de maior calidade. Vanse adaptando á realidade da maduración e non facer unha vendima rápida en dúas semanas”

A calidade do froito recolectado e o seu estado sanitario foron moi bos, a pesar da complexidade dunha tempada na que os incidentes meteorolóxicos complicaron as perspectivas da colleita. Durante os días que durou a vendima as condicións meteorolóxicas foron favorables; xa que o tempo foi seco e apenas houbo choivas, aspecto que propiciou que a uva entrase nas adegas nun estado fitosanitario bo.

A cantidade de quilos desagregada por variedades é a seguinte: Variedades tintas: Mencía: 4.656.820 quilos. Brancellao: 37.804. Merenzao: 49.136. Caiño: 17.359. Garnacha: 303.759. Mouratón: 5.008. Sousón: 74.667 e Tempranillo: 41.755. Variedades brancas: Albariño: 58.812 quilos. Dona Branca: 4.360. Go-



Vendimadores de Adegas Vella (Abeleda. A Teixeira) ao remate do traballo.

dello: 234.574. Loureira: 838. Torrontés: 2.911 e Treixadura: 27.861. Esta última colleita está na media de cantidade de quilogramos recolectados dos últimos cinco anos. Colleitas por anos: 2012, 5.452.206 quilos. 2013, 4.735.899. 2014, 4.773.674. 2015, 6.227.365 e 2016, 5.585.306 quilogramos.

Altísima calidade

José Manuel Rodríguez González, presidente do colectivo, confirmou que se pechou a vendima nas 93 adegas inscritas no rexistro oficial “cunha produción que se moveu dentro do previsto en canto á cantidade e que deixou nas adegas

unha uva de extraordinaria calidade”.

“Cando a vendima se fai en seco, como sucedeu este ano, a uva alcanza unha gran calidade e entra nas adegas en perfecto estado sanitario, de modo que a colleita deste ano é o preludio dun viño de altísima calidade”.

En canto á seca que afectou nos últimos meses á comarca ou aos danos causados polas xeadas en abril, recordou que “queda un ano para que chova e para que as plantas se rexeren” de cara á próxima colleita. Recordou que a vide “é a árbore da vida e soporta moi ben ese tipo de inclemencias”.

Sober mellora os accesos a viñedos

O Goberno local do Concello de Sober acomete obras de mellora en camiños de acceso a viñedos cun investimento total de 100.000€. Os traballos, que se iniciaron a finais de outubro, prolongaranse ata mediados de novembro e realízanse nas Ribeiras do Tíod Sil e Cabe. Melloraranse accesos a viñedos de Doade, Amandi, Lobios, Pinol, Anllo e Rosende. As obras supoñen, na maior parte dos casos, actuacións de limpeza e pavimentación con formigón.

A Consellería do Medio Rural fai unha achega de 60.000 euros a través dun convenio enmarcado no plan PIR, Plan de Infraestruturas Rurais. Pola súa parte o Concello achega 40.000 euros de fondos municipais. A mellora dos accesos a explotacións vitícolas é considerado prioritario polo Goberno municipal de Sober. O rexedor, o popular Luís Fernández Guitián, explica que todos os anos se acometen importantes proxectos de mellora e xa está en marcha a elaboración dun novo proxecto de melloras de cara a 2018.



Un dos camiños arranzados.

Un obradoiro de emprego formará a desempregados de Pantón, O Saviñao e Sober

O delegado territorial de Lugo, José Manuel Balseiro, achegouse ata a localidade luguesa de Pantón para manter un encontro cos alumnos-traballadores que participan no obradoiro de emprego “Baliño”, concedido a través do Sistema de Garantía Xuvenil e apoiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en colaboración cos concellos de Pantón, O Saviñao e Sober. Os participantes son 15 mozas e mozos menores de 30 anos, que comezaron a súa formación técnica nas especialidades de albanelaría ou montaxe e instalación de construcións de madeira, o que permitirá ampliar as súas expectativas laborais. O Goberno galego destina a este obradoiro máis de 140.000 euros que fan posible, entre outros a

contratación do alumnado, dun director, dun administrativo e dous monitores.

No acto, Balseiro estivo acompañado polo alcalde de Pantón, José Luís Álvarez, polo rexedor de Sober, Luís Fernández e polo tenente de alcalde do Saviñao, Juan Carlos Armesto. Os obradoiros de emprego son acción que o Goberno galego leva a cabo en colaboración cos concellos e que, polo tanto, fomenta a cooperación institucional.

Formación

Nestas semanas os participantes reciben a formación teórica necesaria para, máis adiante, desenvolver distintos traballos prácticos e executar obras de interese social. En Pantón encárganse do peche da pista deportiva

do Baliño e da adecuación da casa do campo da feira. En Sober está previsto que se encargan da renovación e construción de novas marquesiñas e da adecuación da fachada e interior dos edificios anexos á Casa do Concello. No Saviñao executarán, o peche no campo da Lama de Sampil, adecuación á biblioteca pública e renovarán distinto mobiliario urbano e dos edificios públicos.

Ao remate do obradoiro os participantes recibirán un certificado de profesionalidade, con validez en toda España, que acredita os coñecementos e aptitudes adquiridas. Amais os alumnos-traballadores tamén recibirán formación específica en materia de emprendemento que lles permitirá iniciar os seus propios pro-



José Manuel Balseiro, acompañado dos alcaldes, mantivo un encontro co alumnado participante.


xectos, de optar polo autoemprego.

Beneficiarios

No que atinxe ao sur da provincia de Lugo, desenvólvense catro obradoiros de emprego en nove concellos, que beneficiarán a máis de 70 persoas ata ese momento desempregadas. A administración autonómica dedica para este fin 840.000 euros. Os

obradoiros forman parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de polo menos 80.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos.

CONTRA A VIOLENCIA



25N
COMPOSTELA
EN NEGRO

Galicia

Redacción OURENSE

O ourensán Faustino Miguez canonizado no Vaticano

O Papa Francisco cononizou na Praza de San Pedro do Vaticano a Faustino Miguez, o sacerdote considerado o primeiro santo feminista. Contribuíu co exemplo á dignificación das mulleres ás que se lle negaba entón no século XIX, o dereito á educación e fundou a orde das Fillas da Divina Pastora Calasancias. Na actualidade conta con colexios e centros nos catro continentes.

Faustino Miguez naceu o 24 de marzo de 1831 no pequeno pobo de Xamirás, na parroquia de Acevedo do Río, municipio de Celanova (Ourense) e xa é o terceiro santo ourensán. Unha delegación composta por algo máis de mil persoas desprazouse a Roma para participar na cerimonia de canonización. O cardeal arcebispo de Madrid, Carlos Osoro (que foi bispo de Ourense), encabezou a delegación eclesial española xunto ao actual bispo de Ourense, Leonardo Lemos. Viaxaron ata o Vaticano os membros da Real



Ourensáns na Praza de San Pedro do Vaticano.

Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, que na praza de San Pedro estrearon a muiñeira escrita por Xosé Lois Foxo dedicada ao papa Francisco e a marcha procesional de san Faustino Miguez.

O novo santo ourensán foi, ademais de escolapio e sacerdote, fundador do Instituto Calasancio das Fillas da Divina Pastora, congregación presente nunha decena de países, moitos deles de América Latina, aínda que tamén en Guinea Ecuatorial e a India,

desde onde se desprazaron varias persoas para seguir en directo o acto. A cerimonia contou coa presenza de Verónica Stoberg, chegada desde Chile, a quen se atribúe ser beneficiaria do milagre de sobrevivir pola intercesión de Faustino tras ser desafiuzada polos médicos no ano 2003. Ela e a súa familia ocuparon un lugar preferente durante a cerimonia. O día de san Faustino Miguez será o do seu falecemento en 1925, o 8 de marzo.

Feiras e Atletismo nunca serán compatibles en Expourense segundo Ciudadanos

Ciudadanos cualificou de "malgasto" o investimento de dous millóns de euros da Xunta de Galicia na pista cuberta aínda sen concluír do recinto de Expourense. No que respecta a combinar a pista co espazo expositivo, Ciudadanos denuncia "falta de previsión e de análise na xestión dos investimentos", cualifica de "apaño" a compatibilización que de ambas as instalacións nun mesmo espazo e augura que nunca chegarán a funcionar ambas as coa necesaria compatibilidade.

Ciudadanos exprésase concluínte respecto diso: unir nunha mesma instalación recinto feiral e a pista de atletismo "foi un total e absoluto despropósito", polo que pide públicamente que a Xunta de Galicia habilite un novo espazo, distinto ao actual, como lugar de exposicións de Ourense. O portavoz de Ciudadanos Ourense, Alberto Rodríguez, lembra que as novas pistas, a pesar de non entrar en



Fachada principal do recinto feiral de Ourense.

servizo aínda nin ser inauguradas, cargáronse tres feiras, a de Antigüidades, Nortrans e a Mostra da Oportunidade. Pero que poderían ser cinco se, finalmente, non se chegan a celebrar Megaxove e Xantar, unha das máis importantes do calendario da Expourense.

A teor da situación e do que Ciudadanos presaxia que acabará producíndose, "é mellor ter dúas instalacións diferentes funcionando todo o ano, que unha soa funcio-

nando a medias, moito máis cara de manter e con actividades que se entorpecen entre elas", sinala o seu portavoz. A idea coa que a Xunta de Galicia, a Deputación e o Concello de Ourense venderon o proxecto non se chegará materializar, o que xa está a ocorrer a pesar de que a instalación deportiva non entrou en servizo, nin foi inaugurada, nin tampouco recepcionada pola Xunta e dubídase que, mesmo, estea totalmente completada.

Portugal participou no Festival Internacional de Xadrez

Celebrouse en Expourense o décimo Festival Internacional de Xadrez "Cidade de Ourense" baixo o lema "Deporte e Ciencia para a Xuventude". Foi unha das últimas probas puntuables para o Circuito Galego 2017 (Proba oficial da Federación Galega de Xadrez), e como ven sendo habitual nos últimos anos, a proba máis participativa de todas cantas se realizan na nosa autonomía pertencentes a este circuito destinado a xoves xadrecistas de entre 6 e 18 anos.

O presidente do Clube Xadrez Ourense fixo referencia a que "as instalacións de Expourense, polas súas condicións de espazo, luminosidade, medios técnicos, infraestrutura e mobiliario, acceso ás súas instalacións e ubicación, constitúe un dos mellores e máis recoñecidos emplacements a nivel autonómico para o desenvolvemento de probas deportivas desta índole, como así foi recoñecido pola propia Federación Galega de Xadrez en múltiples ocasións".

O principal obxectivo deste festival de xadrez é estimular a convivencia de rapaces de diferentes idades, categorías e lugares de orixe, durante unha xornada deportiva, lúdica e de mar-

cada índole formativa para os máis novos.

Organizado polo Club Deportivo Xadrez Ourense, a décima edición deste Festival contou cuns 300 participantes de entre 6 e 18 anos, escolares e federados procedentes de toda a provincia de Ourense, resto de Galicia, e tamén de Castela e León e Portugal. Destes 300, máis de 50 xogadores teñen xa rango internacional e veñen de gañar ou obter podio en importantes probas a nivel nacional e internacional como é o caso de Xacobe Conde, Martín Gómezs e dos irmáns Pura e Benjamín Diéguez.

Estes participantes pertencen a diferentes clubs, entre eles os máis destacados do panorama local, provincial e autonómico e tamén do norte de Portugal: Clube Deportivo Xadrez Ourense, Liceo de Ourense, Universidade de Ourense, Xadrez Celanova, Xadrez Verín, Fontecarmoa de Vilagarcía de Arousa, Círculo Ferrolán, Círculo Chantadino de Xadrez, Ben-cho-sei de Pereiro de Aguiar, entre outros. Respecto de Portugal, participaron xogadores lusos que pertencen a diferentes clubs, como a Escola Xadrez Porto, Xadrez Mirandela, Pedras Salgadas, Didaxis, e Rebordochao.



Emma González e o alcalde (ambos á esquerda) presentando o festival de Axedrez.

A muller do presidente da Deputación condenada a un ano por falsidade documental

O Xulgado do penal número uno de Ourense condenou a María José Caldelas, muller do presidente da deputación e do PP ourensán, José Manuel Baltar, a un ano de prisión, con pago das costas procesuais, por dous delitos de falsidade en documento oficial, ao entender que “consentiu” presentar documentos que lle beneficiaron “tendo en conta que se lle concedeu licenza para a instalación de veladores así como prórroga para o acondicionamento do local” a pesar de non constar a firma dun dos socios.

Segundo a sentenza, os feitos refírense á etapa en que María José estivo á fronte do pub situado na céntrica praza das Mercedes e que rexentou entre 2008 e 2011. Caldelas comprou este negocio o 1 de outubro de 2008 e posteriormente presentou no Concello a instancia de apertura e obra no establecemento. En marzo de 2009, tras ser denegado o cambio de titularidade, rexistrou no Concello un documento

para pedir a instalación de dez veladores na Praza das Mercedes, figurando como solicitante o denunciante. Por mor destes feitos, un dos empresarios, Carlos Piñeiro negou asinar ningún documento e denunciou que a exdeputada do PP falsificou as súas firmas para obter licenzas municipais que lle permitirían acometer a reforma das instalacións.

Café bar

Na resolución, o titular do Xulgado considerou acreditada a declaración do empresario ao entender que foi “firme e rotunda, sen contradicións esenciais” para o que tivo en conta corroboracións periféricas “que outorgan verosimilitud” ao relatado. Para o xuíz, resulta “un tanto sorprendente” o manifestado pola acusada relativo a que “sempre pensou que era un café bar especial”, tendo en conta que no 30 de setembro de 2008, Carlos Piñeiro e Eduardo Rodríguez, como parte vendedora, e María Josefa Caldelas, como parte compradora, asinaron un

contrato de compravenda e cesión do café bar, “non indicándose en ningunha das cláusulas do contrato que a compravenda e cesión referíase a un café bar especial”. “A procesada coñecía que os documentos non foran asinados por Carlos, e a pesar diso, consentiu que fosen presentados no Concello e incorporados a un expediente administrativo, que unha vez resolto, beneficioulle tendo en conta que se lle concedeu licenza para a instalación de veladores así como prórroga para o acondicionamento do local”, segundo recolle o fallo.

Por estes feitos, a acusación particular, pedía por senllos delitos, penas de 1 ano e 9 meses de prisión, con inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena e interesaba unha indemnización na cantidade de 1.144,48 euros. A fiscalía non acusou. No xuízo, o empresario Carlos Piñeiro insistiu en que non asinou ningún documento e aclarou que non tiña “ningún acordo verbal”



María José Caldelas no Xulgado.

coa acusada para asinar cousas do local que foi cedido. Na resolución o xuíz sinala que a firma que aparece no documento datado en marzo “aseméllase, pero non coincide” coa do denunciante, mentres que a do segundo documento de 2011 “non garda ningún tipo de semellanza”.

A sentenza, ditada o xoves 30 de outubro, é susceptible de recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Ourense. A afectada ten un prazo de dez días para anunciar o recurso.

0 Contencioso anula unha consolidación de postos da Deputación

Una sentenza do Tribunal Contencioso Administrativo número 2 de Ourense a instancias da central sindical CIG, anula o proceso de consolidación de postos de traballo no persoal da Deputación de Ourense. O maxistrado Verdeja Melero acha fundada e debidamente razoada a reclamación da central sindical, e dispón a nulidade do procedemento por considerar que a convocatoria “ten por obxecto limitar o acceso ás prazas que se sacan a concurso, creando un circuíto pechado por medio do cal só se poderían presentar ás mesmas aquelas persoas que xa estivesen previamente desempeñando os postos ofertados”.

As prazas a medida son a fórmula de perpetuarse o PP nas institucións ourensás, sinalaron os sindicalistas García Torres e Pérez Carballo. Aínda que a sentenza é recurrible en apelación no prazo de 15 días ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, extremo que a CIG dá como moi probable aínda que non lle vaticina demasiado éxito, a autoridade xudicial pon en evidencia un sistema en bucle deseñado para perpetuar aos que xa están, como premio polos servizos prestados á vez que evitar que ou-

tros aspirantes poidan acceder ás devanditas prazas.

A convocatoria delimitaba con tal concreción a natureza dos postos para consolidar, como que nalgún caso indicábase, explicitamente, un “posto de auxiliar da Oficina de Transparencia”, ao que, obviamente, só podía acceder quen xa o ocupase. Por este sistema, dos 106 postos a consolidar inicialmente, a CIG asegura que dos 24 cubertos por adscrición provisional, 11 cubríronos adscritos que xa os ocupaban, 10 seguen sen cubrir pero ocupados polos mesmos adscritos e só a 3 accedieron persoas distintas a quen os ocupaba. Dos 45 que non estaban ocupados por adscrición provisional, a só 13 concorreron aspirantes a ocupalos, o que indica as restricións que supuxo a excesiva concreción dos mesmos. O sindicato expoñía no seu recurso (fundamentos de dereito) que co método empregado para o proceso, “védase o acceso ao concurso a calquera funcionario, estea ou non capacitado, que non reúna eses requisitos”, o que agora estima no seu fallo o titular do 2 do Contencioso Administrativo de Ourense.

Recurso

A Deputación confirmou que

vai recorrer a sentenza. Farao “por considerar gravemente erróneos os seus fundamentos xurídicos”, sinala o comunicado emitido respecto diso. Indica que a sentenza considera certo algo que é “absolutamente falso”, e que o erro da autoridade xudicial “reside en identificar a pertenza a unha categoría profesional co desempeño previo dun posto, cando son cousas distintas, xa que a categoría profesional non se adquire polo desempeño de ningún posto, senón pola superación das probas de acceso á función pública provincial ou á condición de persoal laboral fixo”. Os Servizos Xurídicos da Deputación móstranse tan firmes e os seus argumentos expóñense de forma tan contundente, que chegan a asegurar que “o Xulgado confunde os conceptos de praza e posto”. Polo que o maxistrado titular do 2 do Contencioso Administrativo e Ourense cometería o erro de ignorar que “a categoría profesional é un elemento da praza, cuxa posesión por un empregado público non depende do feito de que desempeñase previamente un determinado posto”. E a partir de aí, os Servizos Xurídicos da Deputación dan por feito de que “todo ou razoamento da sen-



Rolda de prensa da central sindical CIG.

tenza vense abaixo”.

Opinión do PSdeG

“O PSdeG-PSOE da Deputación esixe explicacións a Manuel Baltar tras certificar a Xustiza que o PP amañou un concurso de ascensos para colocar a dedo a un cento de persoas en postos de traballo público”. Os socialistas consideran un “escándalo maiúsculo” que as prácticas ilegais de Baltar paí confirmadas en firme polos xuíces de todas as instancias –enchufes masivos de persoas afíns a centos– estean a ser reproducidas por Manuel Baltar sen o mais mínimo ruborizo. Por iso acaban de solicitar un informe ó xefe de recursos humanos da Deputación que analice as consecuencias técnicas e económicas desta decisión xudicial.

O portavoz provincial, Francisco Fraga, asegura que “estamos ante un novo caso de enchufes masivos do baltarismo que non respecto a lei xa que vulnera os principios básicos de mérito e capacidade”. “A sentenza é tan contundente ó afir-

mar que se buscaba cerrar un concurso supostamente público a uns poucos elixidos polo baltarismo, que ruboriza incluso a algúns dentro do propio PP e, por iso, esiximos explicacións detalladas das consecuencias que pode traer a anulación desta importante porcentaxe do persoal da institución”, explica. O portavoz do socialistas asevera que “ante estes graves feitos ven de confirmarse que Manuel Baltar herdou a Deputación de Ourense do seu pai, pero tamén as prácticas ilegais para aproveitarse da institución que preside pervertendo o cadro de persoal e os servizos públicos”.

Fraga tamén cuestiona a falta de respecto do PP á Xustiza: “Chegan a dicir que todo o que di o xuíz é absolutamente falso sen aportar probas que desmonten a pormenorizada fundamentación xurídica. Os políticos debemos respectar o estado de dereito e iso, entre outras cousas, é mostrar respecto á Xustiza”.

Galicia

Redacción OURENSE

Insuficiente medición da calidade do aire na cidade segundo Ourense en Común

Despois de denunciar o “apagón” dos datos da calidade do aire de Ourense na web municipal, Ourense en Común acusaba ao alcalde de “maquillar a información con índices anuais e poñer en risco a saúde dos ourensáns namentres el respiraba o aire de Madrid”, e avanza que pedirán ao goberno toda a información en referencia á xestión e o mantemento da Estación Urbana de Fondo para a medición da calidade do aire, ubicada na Alameda, especialmente os partes do mantemento e revisións da estación, que “teñen que facerse cada 15 días, baixo sanción de entre 750 e 1.500 euros se faltou algún”.

Ourense en Común denuncia que o Concello “non advertira dos riscos para a saúde humana da alarmante condición atmosférica do luns 16 de outubro”, remitando a que Meteogalicia “alertaba claramente” do alto índice de polución tomando os datos da estación da Xunta, que “triplicaron durante varias horas o límite máximo recomendado pola Organización Mundial da Saúde”.

O grupo cuestiona “por qué cando empezou a evidente situación de alerta, os datos da estación do Concello deixaron de



Ourense en Común considera insuficientes dúas estacións para a calidade do aire.

mostrarse, cando mide moitos máis parámetros que a da Xunta”, e sinala a “torpeza do alcalde” de interpretar os datos baixo criterios de episodios anuais, cando o promedio en oito horas de partículas de diámetro inferior a diez micras (PM10) “superouse ata o triple”.

O grupo entende ademais que “debera haber máis monitorización” nunha cidade como Ourense, xa que pola orografía da cidade e da contorna urbana, “de ningún xeito dúas estacións son suficientes nin representativas da calidade do aire”, engadindo que a instalación provisional da praza de abastos na Alameda “afectará ás métricas e fará que a serie sexa inservible climáticamente”.

Ourense en Común lembra que o goberno de Jesús Vázquez continúa “sen facer os deberes no caso de que se produza unha emerxencia” e insiste na urxencia dun Plan de Emerxencias Municipal (PEMU), obrigatorio en Concellos de máis de 20.000 habitantes, “que garanta a seguridade de todas as veciñas e veciños, que catalogue os medios e recursos dispoñibles para afrontar calquer posible sinistro, que analice riscos, determine medidas de prevención, estableza unha coordinación axustada entre os medios existentes, organice as funcións básicas para a protección civil e informe á cidadanía sobre as medidas de autoprotección.”

Ourense en Común participou na Coruña no encontro de movementos e iniciativas municipalistas


Celebrouse na Coruña a terceira entrega do MAC (Municipalismo, Autogoberno e Contrapoder), un encontro que en anos anteriores fixo parada en Málaga e Pamplona. A Fundación de los Comunes e o Instituto DM, organizou catro xornadas de traballo que incluíron doce talleres, once charlas e tres asembleas plenarias, no que foi un encontro de movemento, de activistas de movementos, preocupados pola construción dun proceso político capaz de levar a onda de cambio máis aló dos límites da institución.

O MAC3 serviu para facer balance da traxectoria das novas formas de facer política, tras dous anos de gobernos do cambio en cidades como A Coruña, Santiago de

Compostela, Ferrol, Madrid, Barcelona, Zaragoza, Valencia, Badalona, Oviedo, Iruña e moitas outras.

As edís de Ourense en Común, xunto a simpatizantes e integrantes do grupo municipalista ourensán, asistiron ás diferentes actividades programadas que articularon, nun traballo común, propostas concretas a levar a cabo en materia de sustentabilidade, urbanismo, economía, servizos públicos, democracia participativa, feminismo, auditoría cidadá da débeda, políticas culturais, e xornalismo cidadán.

O voceiro de Ourense en Común,



O MAC3 celebrouse este ano na Coruña.

Martinho Xosé Vázquez, participou como poñente na mesa programada na Librería Fiandón da Coruña baixo o título “O municipalismo galego do cambio cara 2019”, compartindo debate con Mariano Fdez. Cabarcos (Marea Atlántica), Pilar Candocia (Ames Novo), Oriana Méndez (Marea de Vigo), Álex Botello (Compostela Aberta), Noelia Pedreira (Betanzos) e Celia Fdez. Albariño (Ferrol en Común).

Ourense en Común traslada demandas ás deputadas por En Marea no Congreso

As deputadas no Congreso, Yolanda Díaz, Alexandra Fernández e Antón Gómez-Reino, mantiveron unha xuntanza de traballo coas tres concelleiras de Ourense en Común, na que se abordaron cuestións referidas ao Museo Arqueolóxico, á Praza de Abastos e a variante exterior vencellada á chegada do AVE.

Con esta visita á capital das Burgas, En Marea continúa a xira coa que as deputadas están percorrendo o país, “queremos recoller de primeira man as aportacións que nos fagan as compañeiras de Ourense en Común e trasladar ás Cortes os problemas da cidadanía ourensá”, explicou Yolanda Díaz, que lembrou que nos últimos orzamentos do Estado, En Marea presentou máis de 300 emendas para todo o país.

A voceira de En Marea, xunto a Martiño X. Vázquez, voceiro de OUEC no Concello de Ourense, declaraban que “nesta mesa de traballo reivindicamos a apertura do Museo Arqueolóxico provincial, que agora queda na man do Ministerio para acometer as obras”.

Vázquez avaliaba tamén como “fundamental” a actuación en materia de integración da Alta Velocidade en Ourense, e criticou que “cando

o ministro se refería a que a variante exterior supoñía un forro de 5 minutos para Madrid, deixaba claro que non lle importaba o impacto no noso Concello”. O edil explicaba que “para Ourense supón suturar unha ferida, é necesaria esa variante”, e apelou tamén ao “sentidiño” en referencia á Estación Intermodal, para que “se faga unha estación útil e efectiva para os ourensáns e ourensás”.

Sobre esta cuestión, En Marea leva rexistradas varias iniciativas parlamentares de control e seguimento ao Ministerio de Fomento, que en ningún momento concreta prazos nin horizontes sobre a variante, o cal fai temer “que a insistencia na solución temporal se acabe convertendo na solución definitiva, algo que sería unha moi mala noticia para Ourense”.

Ademais, as deputadas e concelleiras falaban da cuestión que atinxe á rehabilitación da Praza de Abastos nº1, xa que “no último pleno quedou demostrado que aínda non existe a prórroga e que o Concello vai ter que afrontar a obra ao 100% se non se consegue”, polo que será unha das preguntas que En Marea trasladará ao Congreso “ante a falta de información por parte do alcalde de Ourense”.



Deputados de En Marea con concelleiros de Ourense en Común.

Celebra e Bebega foron escaparate para o comercio local

Expourense clausurou unha fin de semana adicada fundamentalmente as familias para coñecer a oferta de calidade e innovadora que concentraban os expositores ourensáns de Celebra, o 18º Salón de Actos Sociais e de Bebega, a primeira Mostra do Bebé, que recibiron máis de 2.000 visitas. Esta dobre cita reuniu a 60 expositores, o 90% da provincia de Ourense, facilitando así unha plataforma ao comercio local para dar a coñecer os seus produtos e servizos ante novos potenciais clientes.

Celebra

A 18ª edición da feira supuxo un impulsado por emprendedores da provincia de Ourense, non só en moda nupcial e de festa, senon en todo o que rodea a organización dun evento. As dúas pasarelas Celebra congregaron centos de asistentes interesados en coñecer as novas liñas das firmas colaboradoras que presentaron deseños de coleccións de fabricación propia, acompañados por estilismos internacionais en perruquería e maquillaxe así



En BebeGa houbo conferencias adicadas aos pais dos nenos.

como as novas tendencias en arranxos florais e xoiaría fabricada en Ourense e á medida.

Bebega

Bebega axudou ás familias a preparar a chegada do novo membro da familia. Esta primeira edición serviu, sobre todo, de escaparate para que os visitantes tiveran a ocasión de coñecer a oferta de empresas e comercio ourensáns de moda e puericultura que en moitos casos están a fa-

bricar na provincia, ou se trata de exclusivas que se comercializan en Galicia chegadas das últimas feiras europeas. Os visitantes observaron unha escolma de produtos e servizos orientado ao benestar do recém nado: interiorismo, desenvolvemento intelectual, seguridade viaria e atención sociosanitaria. Ademais, os expositores realizaron entre os visitantes numerosos descontos e sorteos de packs para bebés.

Colaboración entre Expourense e Semana Verde de Galicia

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ven de asinar un convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia co obxectivo de promover accións que contribúan ao desenvolvemento do sector feiral na nosa comunidade e, dun xeito particular, a estes dous recintos. Este convenio foi asinado en Silleda por parte dos directores xerais de ambas as dúas entidades, Alejandro Rubín (Expourense) e Ricardo Durán (FIG Abanca).

O documento asinado inclúe accións de intercambio e promoción mutua nas citas feirais organizadas por ambas fundacións. O de Ourense e o de Silleda son os dous únicos recintos feirais públicos de Galicia que organizan feiras recoñecidas co Selo de Internacionalidade do Goberno de España, sumando en total 4 das 6 internacionais celebradas na

nosra comunidade. Expourense organiza Xantar (Salón Internacional de Turismo Gastronómico), Termatalia (Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar) e Funergal (Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios). Pola súa parte, a Fundación Semana Verde de Galicia organiza a feira que lle da nome, Abanca Semana Verde de Galicia, e que coordina con catro certames paralelos e complementarios. Ambos os dous recintos organizan unha media de 40 citas ó ano que convocan a máis de 300.000 visitas.

Coa sinatura deste convenio, Expourense e a Fundación Semana Verde reivindicán unha vez máis o papel das feiras como centros de negocios e como foros de coñecemento, destacando ademais o papel das mesmas como dinamizadores económicos do lugar no que se celebran.

Os concesionarios venderon coches en Expourense

Ao noveno salón do “Automóvil-Vehículo Novo” celebrado en Expourense

do 20 ao 22 de outubro achegáronse ó redor de 7.000 visitantes para coñecer a oferta que

estivo composta por 400 vehículos de máis de 20 marcas de todas as gamas, modelos e prezos. As 17 empresas participantes fixeron unha forte aposta neste salón ampliando as opcións de selección á hora de elixir un coche, xa que a meirande parte deles ofreceron importantes descontos especiais de feira que foron dende os 150 euros ata os 5.000 así como tamén sorteos de estancias en balnearios.

Ocación

O cartel de “vendido” foi o que máis viron os visitantes desta última xornada do tamén noveno salón do “Automóvil de Ocación”, (do 27 ao 29 de outubro) que rexistrou gran éxito de público e vendas, mantendo as cifras da edición de 2016. En total, entre o salón de vehículo



Ricardo Durán e Alejandro Rubín.



Imaxe xeral da exposición-venta de autos.

novo e o de ocasión, os concesionarios participantes estiman vender preto de 380 automóviles. No que se refire ao público

calcúlase entre as dúas fins de semana da última quincena de outubro o recinto feiral recibiu ao redor de 14.000 visitas.

Ponteareas reúne aos veciños para informar das actuacións tralos incendios

O Concello de Ponteareas celebrou o luns 30 de outubro, arroupado de veciños e veciñas, voluntarios, Comunidades de Montes, colectivos sociais e veciñais e afectados polos incendios en xeral o acto de información sobre actuacións tralos incendios que se celebrou no auditorio municipal.

O goberno de Ponteareas informou aos veciños e veciñas das primeiras medidas a adoptar da man de técnicos profesionais de medio ambiente, biólogos, enxeñeiros forestais, psicólogos e veciños. Nas súas intervencións ofrecerán recomendacións e nocións básicas que axuden aos afectados a superar os efectos da catástrofe dos incendios.

Xosé Covelo, enxeñeiro forestal; Bárbara Álvarez e Sergio Quiroga, biólogos, explicaron as primeiras medidas que debemos adoptar para axudar ao solo a recuperarse. Restos de podas, esterco, as pro-



pias follas das árbores ou compost son algúns dos remedios que poden axudar a cicatrizar.

Rosa Covelo, bióloga e coordinadora do voluntariado Voltea, trasladou aos participantes a necesidade de traballar coordinados contando cos voluntarios, particulares e colectivos.

No acto tamén tiveron voz os bombeiros e protección civil

entre outros traballadores municipais. O público asistente tamén participou trasladando as súas inquietudes, dúbidas, preguntas, críticas e suxestións.

Como ir vestido, que ferramentas domésticas empregar, prioridades á hora de afrontar os distintos puntos ou focos incendiados foron algunhas das nocións que introduciu o xefe dos bombeiros de Ponteareas, Roberto Castro.

O Alcalde de Ponteareas insistiu na necesidade de formar á poboación para saber actuar en situacións de emerxencia. Establecer protocolos de actuación tanto na recuperación como nas situacións de alerta, iniciar medidas preventivas, boas prácticas e traballar de xeito conxunto foron os eixos centrais desta reunión na que o goberno de Ponteareas rendiu homenaxe aos participantes.



O Alcalde de Ponteareas participa na reunión do Pacto Nacional pola Auga

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, participou na reunión para avanzar o Pacto Nacional pola Auga mantida entre os representantes dos usuarios de abastecemento continuado e o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama), Francisco Marín.

Neste encontro participaron o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), representantes dos concellos de Ourense e Ponferrada, da

Deputación de Ourense e varios membros da Comunidade Xeral de Aguas de Galicia-Coxapo.

O Alcalde de Ponteareas insiste na importancia de colaborar coas diferentes institucións sobre todo cando se trata dun asunto tan decisivo como o subministro de auga que ademais de garantir calidade e un axeitado reparto pode mesmo determinar o avance de proxectos de crecemento das vilas e cidades como sucede no caso de Ponteareas no que o subministro de augas é un dos piares básicos para o avance do Plan Xeral de Ordenación Urbanística (PXOM).

Co obxectivo de involucrar no Pacto Nacional pola Auga a todos os axentes implicados na xestión e no uso da auga o documento final debe recoller as propostas técnicas para facer un uso máis eficaz, solidario e integral dos recursos existentes.

Este futuro Pacto centrarase en catro grandes eixos: a atención de déficits hídricos, o cumprimento dos obxectivos ambientais fixados nos plans hidrolóxicos, plans de xestión de riscos de inundación e outra serie de medidas en materia de gobernanza da auga e mellora da xestión e dos procedementos ordinarios.

Salceda abre unha Oficina de Apoio Municipal para os afectados polos incendios

O Concello de Salceda habilitará unha Oficina de Apoio aos afectados e afectadas polo lume, para canalizar os formularios de danos e informar sobre as Liñas de Axudas que se vaian creando ou aprobando: a Oficina estará ubicada na área de urbanismo do Concello, cun administrativo e o apoio do aparelador. A Oficina de Apoio botará a andar o vindeiro luns 30 de outubro, en horario de 9 a 14h. Ata ese día, os afectados e afectadas poderán deixar o seu contacto así como ir valorando os danos ocasionados polos lumes: superficie, construcións, viñado, arborado, animais...

Por outra banda, o Pleno do Concello de Salceda, aprobou por unanimidade solicitar do Consello de Ministros a Declaración de "Zona Afectada gravemente por unha Emerxencia de Protección Civil" (Lei 17/2.015). Lembremos que os lumes debastaron 910 hectáreas, 527 das cales pertencen a monte comunal, de 6 das 7 parroquias (ardeu un 25,52% dos 36,1 Km²). Se a petición é aprobada, ábrese a opción a axudas a particulares, Concellos, propietarios de explotacións forestais e agrícolas...

Dende os días dos incendios, o Equipo de Goberno lévase reunido con diversos colectivos políticos e sociais (comunidades de montes, traídas de augas, voluntariado...) para tratar de recabar todos os datos relativos aos danos sufridos nas diferentes parroquias. Esa base de datos será empregada para facilitar a tramitación das diferentes liñas de axudas que se establezan dende as diferentes administracións.

Tamén a poboación do municipio está a ter un importante papel tras os lumes. Dende que o Concello de Salceda anunciase a creación do Voluntariado Ambiental especificamente para todo o relacionado cos incendios, máis de 40 persoas se teñen inscrito xa para participar nos traballos que se leven a cabo, coordinados polos técnicos correspondentes.

O Alcalde de Salceda manifestou tamén a necesidade da creación dunha liña directa para Alcaldes/alcaldesas e cargos políticos cando sucedan acontecementos como os de estes días, sen ter que depender do 112 ou do 085 que en todo momento estiveron colapsados e sen posibilidade de establecer contacto.



O Ministerio de Facenda aproba o manual para contratar as operacións da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable"

O Ministerio de Facenda ven de aprobar o manual de procedementos de operacións da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable", segundo informou o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, manifestando que este é un paso fundamental para poder desenvolver os proxectos das distintas liñas de actuación financiadas con 5 millóns de euros con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Ademais do Manual de pro-



cedementos, para comezar a execución das actuacións, o Concello acaba de por en marcha a oficina de xestión da estratexia coa incorporación dun técnico contratado como funcionario interino. Dende este

mércores está desempeñando esta labor un economista e experto en xestión de fondos comunitarios, unha vez concluído o proceso de selección iniciado o pasado mes de agosto.

Nas vindeiras semanas, ao contar xa cos procedementos aprobados e coa oficina de xestión, o goberno local prevé por en marcha varios dos proxectos que serán financiados con estes fondos europeos. Para iniciar os proxectos, o goberno local xa recibiu un primeiro anticipo de máis de 140.000 euros.

O PP insta ao goberno de Ponteareas a continuación do saneamento en Arcos

Na pasada lexislatura o saneamento parroquial foi, entre outras, unha das prioridades dentro da planificación estratéxica do anterior goberno do PP presidido por Salvador González Solla.

Así foi rematado o saneamento integral das parroquias de Xinzo, Areas e Arnosó; así como distintas fases nas parroquias de Bugarín, Prado, Angoares, Padróns e Arcos.

No "Plan Provincial de Obras e Servizos 2015", integrouse o

proxecto da 1ª fase do saneamento da parroquia de Arcos; aprobado polo PP cunha partida económica de máis de 140.000 euros.

Logo de adxudicada a obra polo goberno do PP produciuse unha baixa económica de 23.000 euros. Agora a obra foi rematada pero o Sr Alcalde decide investir eses sobranes (23.000 euros) en "Actuacións varias no termo municipal".

Ante este anuncio, o PP

tenen para investir no saneamento xa iniciado na parroquia de Arcos.

É triste, indica o PP, que o actual goberno non priorice o saneamento das nosas parroquias cando dispón de máis de 200.000 euros ao mes procedentes do PIE. Temos que lembrar aos actuais gobernantes que cando eran Oposición esixían o saneamento integral de todo o concello. Agora, cando gobernan miran para outro lado.

O concello de Arbo acomete un plan de limpeza en máis de 85.000 hectáreas

O plan de limpeza e desbroce acometido polo Concello de Arbo durante os meses de xullo e agosto, foi un ambicioso plan levado acabo en todas as parroquias de Arbo, que como principal obxectivo, era chegar a todas as zonas, así como concienciar os veciños e veciñas para manter limpo a Vila e ao mesmo tempo recordar os habitantes a obrigación de manter as súas parcelas limpas, tal e como marca lei, cara a evitar posibles incendios e informar

que a falta de precaución e o abandono de fincas con maleza, podería dar lugar a responsabilidades que afrontarían os propietarios.

Os traballos foron realizados con medios municipais, pero tamen se contratou a unha empresa externa especializada na eliminación de masa forestal e que chegou a zonas de difícil acceso.

Case rematado o plan de limpeza e desbroce, o Alcalde informa, que este plan, no que se destruxeron un total de

85.000 hectáreas, abarcou viales, áreas recreativas, sendeiros... Un ambicioso e completo proxecto, nunca realizado nos últimos anos e co que se continuarán a mesma liña durante os meses próximos, tamen apunta que a climatoloxía desta primavera e mesmo no verán foi moi propicio para o crecemento da maleza. Dende o Concello solicitan colaboración e responsabilidade cara os propietarios para que manteñan as parcelas libres de masa forestal.

O IV Plan de Igualdade de Bueu entra en vigor o vindeiro ano



O salón de plenos do Concello de Bueu acolleu a reunión do Consello da Igualdade no que se presentaron as liñas de actuación do IV Plan para a Igualdade de mulleres e homes, que é previsible que se aprobe a comezos do 2018 e que estea en vigor durante os próximos catro anos. Así o salientou a directora do Centro de Información ás Mulleres, Montserrat González, quen estivo acompañada polo alcalde, Félix Juncal, a concelleira de igualdade, Ana Isabel Otero, e Martín Villanueva, concelleiro de urbanismo. Ademais, tamén estiveron presentes Manuel Santos, voceiro do PP, e representantes dos centros educativos, das ANPAS e do centro de saúde.

Na reunión do Consello púxose enriba da mesa que "o plan vai ser unha ferramenta ante todo realista, con accións que se van levar a cabo nos diferentes eidos". Aínda que as áreas de actuación van na liña das de plans anteriores (educación e cultura, formación e emprego, ocio e deporte, participación política e social, saúde e benestar, conciliación da vida laboral, familiar e persoa, e violencia de xénero), incidirase de maneira especial na educación como chave para cambiar a men-

talidade, así como mellorar a coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra a violencia de xénero.

Segundo explicou Ramón Torrente, do equipo redactor, o plan vai incidir en varias cuestións fundamentais. A primeira é difundir o plan a todo o persoal técnico, axentes sociais, empresariado e cidadanía en xeral; a segunda é formar na perspectiva de xénero ao persoal político e técnico para garantir a consecución da igualdade. Tamén se establecerá o criterio de igualdade de oportunidades na valoración de convocatorias de subvención e nas licitacións públicas municipais, e velar polo cumprimento dunha linguaxe e imaxe non discriminatoria en toda a cartelería, documentación, publicidade, proxectos e ofertas de emprego, e introducir como obriga na realización dos traballos a desagregación de datos por sexo.

En canto ás actividades que se porán en marcha nas diferentes áreas, estas serán moi variadas e contarán co apoio dos principais axentes implicados. A partir deste reunión, os membros do Consello disporán dun prazo de quince días para propoñer achegas e alegacións ao borrador do texto.

Remate das obras en Cequeliños

Continuando cunha serie de melloras que se están acometendo polo Concello de Arbo, no mes de agosto adxudicábanse as obras de acondicionamento de Mina e Ampliación da Pista en Rial-Cotiño (Cequeliños), as mesmas consistirán en ampliación de vial, construción de muro de talud enfrente da mina,



ampliación de vial e construción de muros en parcelas.

Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

O Concello urxe á Xunta a abrir negociación para que asuma as competencias da residencia de maiores

“A residencia precisa unha renovación que o Concello non pode nin vai asumir”

O Concello de Pontearreas urxe á Xunta de Galicia a axilización dos trámites para o traspaso da competencia da residencia de maiores Santa Ana. Tras varias reunións e reiteradas peticións o goberno de Pontearreas insiste na necesidade de abrir negociación para tratar do futuro da Residencia.

Como xa se ten posto de manifesto, o Concello de Pontearreas asume competencias que son propias da Xunta de Galicia e que limitan os recursos municipais para destinar a obras e servizos básicos que si son competencia do Concello, esta é a situación da Residencia de maiores.

No caso da residencia de maiores quedou pendente a creación da comisión de traballo comprometida na última reunión mantida co Conselleiro de Política Social.



“Reclamamos o avance das negociacións xa que obrigan ao Concello a asumir competencias impropias cos gastos que iso supón, despois de que durante anos a Xunta non movera un só papel para corrixir a situación. Non é só cuestión do déficit económico do día día que soporta o Concello, tamén hai que considerar a necesaria renovación das instalacións, unha obriga da Xunta que o Concello non pode nin vai asumir” explica o Alcalde, Xosé Represas.

Ante o silencio o goberno de

Pontearreas non se conforma e esixe que se retomen as conversacións para que cada administración asuma as súas obrigas e poida garantir un mellor servizo aos veciños e veciñas. A Concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, explica que aínda que nun principio as 32 prazas son ofertadas para persoas válidas, no decurso dos anos moitos dos usuarios e usuarias foron perdendo mobilidade co que a dependencia é maior e fai preciso máis dedicación por parte do persoal.

Segundo o PP a residencia debe ser traspasada sen perda de postos de traballo

Nos pasados días saía o Goberno nos medios de comunicación para incidir no traspaso á Xunta de Galicia da Residencia municipal, cuestión coa que o PP está dacordo, tal e como sempre defendemos, posto que na lexislatura pasada non deixamos de traballar para tratar de acadar ese obxectivo, reuníndonos en múltiples ocasións coa Consellerías que interveñen no traspaso para negociar a transferencia do servizo con todas as implicacións que elo supón, sen esquecer a casuística do persoal municipal que alí traballa.

O Goberno pretende agora demostrar que son eles os que mais fan, pero xa esqueceron que fai pouco tempo a situación da maioría dos 20 empregados municipais que traballan na Residencia era crítica no caso de producirse a transferencia do servizo do Concello a Xunta de Galicia porque corrían o risco de perder os seus postos de traballo ó non ser fixos.

O Goberno do PP na anterior lexislatura buscou solucionar esta problemática dos traballadores poñendo en marcha un

proceso de consolidación que garantizou dende principios do ano 2015 os postos indefinidos de camareiras, auxiliares de clínica e conserxes que levaban prestando o servizo na residencia municipal dende facía moitos anos, e hoxe a diferenza de antes e a pesares do posicionamento en contra de BNG e PSOE, podemos dicir con tranquilidade que estes traballadores teñen garantido o seu posto de traballo cando se produza dito traspaso.

No que se refire a Xunta de Galicia, hai que dicir que esta administración sempre colaborou co Concello de Pontearreas sufragando a maioría dos custes deste servizo, sendo máis de 475.000€ o importe que transfire ó Concello cada ano, co cal o servizo da residencia de maiores entre esta subvención e a aportación que fan os usuarios que alí residen cubre máis do 100% do custes, xerando todavía para o Concello un superávit no servizo que nos últimos dous anos, según as contas presentadas por este Goberno, ascendeu a máis de 85.000€.

ACIP denunciará ao Alcalde ante a fiscalía pola maleza preto das vivendas

O Portavoz Municipal Juan Carlos González Carrera advirte ao Alcalde que se de continuar así a súa actitude en non tomar medidas nas parcelas cheas de maleza que rodean as vivendas no rural así como un número elevado de vivendas no centro urbano que os veciños ven o abandono que o Concello tenos ao non esixirllas aos seus propietarios para mantelas limpas.

O grupo municipal ACiP denunciou en varias ocasións a situación das propiedades sen limpar que rodean vivendas máis a última vez asido no mes de xullo e a situación segue igual.

As normas hai que cumprilas e senón o Concello ten os me-

canismos necesarios para que se cumpran aplicando a lei 3/2007 do 9 de abril de prevención contra os incendios forestais competencia que é do Concello.

O Concello xustifícase en que xa comunicou ao propietario pero cabe lembrar ao Sr Represas que a propia Lei esixe que sexa o propio Concello quen proceda á súa limpeza si os propietarios non o realizan pasándolle os gastos ao propietario e a sanción correspondente e neste caso o cobro se é posible a trabes do propio ORAL.

Moito desconfiamos que o Sr Represas non quere chegar a esas situacións para non quedar mal cos propietarios pero lembámoslle que a seguridade dos

veciños está por encima que calquera irresponsabilidade ou abandono das súas funcións pola súa banda.

O Portavoz Municipal de ACiP Juan Carlos González Carreira explica que no propio centro urbano realizamos unhas exhaustivas visitas ás propiedades que están en total abandono segundo as denuncias veciñais a máis realizamos unha reportaxe fotográfica para desmontar a desculpa do goberno municipal que pronto dirá que son casos illados e non é así.

O mesmo ocorre no medio rural Parroquias onde a situación agrávase a máis cando as vivendas atópanse en casos illados e a situación agrávase a máis da maleza co arboledado que



lles rodea.

Esta situación á parte da gravidade do perigo de incendios forestais agrávase cun problema de saúde pública con entrada de ratas e animais nas vivendas.

Parece mentira no Sr Represas denuncie a situación dos incendios forestais na vaga de incendios que padecemos nos últimos días que nos parece correcto pero el se inhibe nas súas

responsabilidades deixando aos veciños abandonados, cabe lembrarlle que o perigo de incendios segue nestes momentos dando máxima alerta para este fin de semana polo que lle esiximos responsabilidade.

O que antes parecía imposible agora pasa ou senón só o reflexo da cidade de Vigo que como cidade sufrida os propios incendios no centro urbano.

O Porriño restrinxe o consumo de auga por mor da seca

Dende o pasado día 9 de outubro, o Goberno local do Porriño, dacordo coas recomendacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, está a aplicar as medidas contempladas no Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca, logo da alerta declarada pola propia Confederación Hidrográfica.

Seguindo as ordes da alcaldesa, puxéronse en marcha restricións e prohibicións no subministro non prioritarios, como o rego de xardíns ou o balde de rúas; tamén reduciuse a presión nocturna no subministro, para evitar fugas, reforzáronse os controis de potabilidade da auga para o abastecemento e aumen-

tou a vixilancia no funcionamento das plantas de depuración.

Eva García de la Torre subliña que o Concello está preparado para realizar cortes de subministro pola noite, se a situación causada pola seca o fixese necesario, para asegurar que os veciños teñan garantido o abastecemento de auga.

Así mesmo, nos vindeiros días rematarase a revisión de todo o sistema de subministro para evitar perdas e se fixará un máximo de 12 horas para facer a calquera reparación no mesmo, dende o momento no que se teña coñecemento dunha avaría.

A rexedora, que tamén preside o Consorcio de Augas do Louro, lembra que a Oficina Técnica da

Seca de Augas de Galicia tamén ten declarado a situación de alerta por seca en 6 dos 19 sistemas hidrolóxicos de Galicia, entre os que se atopa o sistema do cal provén a auga que abastece a O Porriño, Mos e Salceda de Caselas.

Ante esta situación, pide ás veciñas e veciños que consuman responsablemente e que aforren auga tomando medidas como ducharse, non bañarse, pechar a billa mentres se enxaboan e se cepillan os dentes, non lavar o coche, regar plantas e xardíns dúas veces á semana, a primeira hora ou pola noite, non baleirar de cote as cisternas ou non usar as lavadoras e lavalouzas ata que estean ao máximo da súa capacidade.

Reforma das escaleiras de Cans

Unha reforma “completa” das escaleiras de Cans, que viñan reclamando dende hai tempo as veciñas e veciños, dado o estado das mesmas “que estaba a poñer en perigo a integridade daquelas persoas que as utilizaban”.

Este é a obra que está a rematar a Concellería de Vías e Obras, un traballo que, como explica o seu titular, Manuel Carrera, conta cun orzamento de 6.000€ e abrangue a colocación dun novo pavimento, a rebaixa da altura dos chanzos, a incorporación de dous ‘descansos’, a creación dun muro latera, a colocación dun banco, unha



varanda de seguridade e as necesarias melloras do acceso da parte superior.

Este mesmo mércores, Manuel Carrera, acompañado polo presidente da Asociación de Veciños de Cans, David Alonso, visitou as obras e comprobou que “cumpren coas necesidades plantexadas polos veciños”.

O Porriño rende homenaxe aos 32 voluntarios de Protección Civil e Policía Local que acudiron aos incendios de Chandebrito, Fragoselo, Salceda, Chenlo ou Budiño

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre xunto coa concelleira de Seguridade, Lourdes Moure, a de Igualdade e Benestar, Soledad Girón, e o concelleiro de Limpeza, Orlando Mázquez, renderon homenaxe, “no nome da Corporación e de todas veciñas e veciños”, aos 23 voluntarios de Protección Civil e 9 axentes da Policía Local do Porriño-co seu xefe, Daniel Rodríguez, a fronte- pola súa “excepcional actuación” durante a vaga de incendios dos pasado días 14 e 15 deste mes.

García de la Torre subliñou a “entrega, máis aló do seu deber” de cada un dos voluntarios e voluntarias de Protección Civil e integrantes da Policía Local que acudiron eses días a axudar e auxiliar a veciños de Gondomar, Salceda, Nigrán, Vigo e, por suposto O Porriño, que estaban nunha situación moi comprometida por mor das chamas.

13 dos integrantes dos dous corpos correron perigo físico, mesmo dous deles foron trasladados ao hospital-un axente da



Policía Local por queimaduras e un voluntario de Protección Civil por inhalación de fume- cando socorían a varias persoas en lugares tan castigados polo lume coma Chandebrito-en Nigrán- ou Fragoselo- en Vigo-.

Todos eles acudiron ás chamadas de apoio do alcalde de Gondomar, Francisco Ferreira, para que se achegasen a Vincios, onde finalmente salvaron varias casas do lume; outra chamada de auxilio da Policía Nacional, para que se unisen ás dotacións que actuaban en Chandebrito e Porto do Molle, en Nigrán; a Fragoselo, en Vigo, lugar no que había varias dotacións do Corpo Nacional de Po-

licía e veciños cercados polas lapas, ademais de á parroquia de Chenlo, no límete entre O Porriño e Gondomar, e a zona de Mosteiro, en Budiño.

Eva García de la Torre fixo entrega aos 32 voluntarios e axentes dun galano como mostra do recoñecemento do Concello e comprometeuse a destinar unha partida orzamentaria para dotar a Protección Civil, “aínda que sexa competencia da Xunta de Galicia”, do material axeitado para a realización do seu labor que, subliñou “facedes de xeito totalmente altruísta”.

A alcaldesa agradeceu tamén o traballo de prevención, coa realización de rozado en incontá-

beis lugares do territorio municipal, acometido pola Concellería de Limpeza que, indicou, “fixeron posible que no Porriño os danos causados polo lume fosen moito menores”.

Neste senso, o concelleiro Orlando Márquez reiterou que o Concello multará aos propietarios de montes e de fincas que non manteñan rozadas e limpas a súas propiedades, sancións que, advertiu, superan os 1.000€ e que, insistiu, son necesarias posto que o non retirar a maleza, tendo en conta as altas temperaturas e a falla de choiva, fai que aumenten os perigos en caso de incendio e pon en risco ao resto dos veciños.

Salceda aproba a licenza do Centro de Saúde

A Xunta de Goberno Local de Salceda de Caselas aprobou a licenza urbanística solicitada polo Servizo Galego de Saúde para a construción do novo Centro de Saúde no municipio. O pasado 8 de setembro, o Concello recibiu a solicitude de licenza por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS. O Concello enviou un requerimento de subsanación ao SERGAS, que recibiu resposta no Concello o 18 de outubro. En tan só dous días, o executivo local ven de dar luz verde á construción do tan necesario Centro de Saúde.

O novo edificio contará con unha superficie total de 1.321,11 m2, dividida en dúas plantas, aos que hai que sumar 168 m2 de espazos exteriores descubertos. Albergará dúas consultas de pediatría, unha de enfermería de pediatría, 5 consultas de medicina xeral con cadansúa consulta de enfermería anexa e unha consulta de matrona. Simultaneamente á construción do edificio por parte do SERGAS, o Concello executará as obras de urbanización da Rúa Mártires de Sobredo, incluídas no Plan Concellos 2017.

Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

O IES Terra de Turonio exterioriza o seu rexeitamento aos incendios forestais



Fotografía de Cristina Brea, fotógrafa e profesora do centro.

O alumnado do IES Terra de Turonio saíu hoxe ao patio durante o recreo para exteriorizar os seus sentimentos despois desta dura fin de semana.

O alumnado do Terra de Turonio sufriu en primeira persoa a catástrofe incendiaria deste domingo 15 de outubro. Alumnado das parroquias de Vincios, Vilaza, Chaín e Morgadán tiñeron o lume ao lado das súas casas, foron desaloxados, colaboraron na recuperación do gando doméstico, tiveron medo, choraron e seguen a sentir a de-

solación que produce unha situación coma esta que condiciona o seu futuro.

O Claustro e o Consello Escolar aprobaron onte a realización desta medida simbólica que nos permitise, colectivamente, exteriorizar os sentimentos que nos produciron os incendios forestais e tomarnos consciencia da necesidade de adoptar medidas que eviten que esta situación se volva producir. Desde un punto de vista educativo, considerouse urxente adoptarmos ferramentas que canalizasen os sentimentos do alumnado e

axudasen a reflexionar sobre o impacto que os incendios forestais teñen no noso futuro: consecuencias sanitarias, económicas, ecolóxicas, paisaxísticas, etc.

Por este motivo, esta mañá saímos ao patio para tomarnos unha imaxe coas mans tinxidas de negro, unha imaxe que retrate gráficamente o que sentimos.

As actividades sobre esta catástrofe ecolóxica e ambiental van continuar no centro, algunhas xa iniciadas, tendo ao alumnado como protagonistas principais.

O Concello de Tomiño inicia as obras de remodelación do Mercado de Goián

Deron comezo as obras de remodelación do edificio do antigo Mercado de Goián. O proxecto contempla dous fases, esta primeira na que se rehabilitará a parte frontal do edificio como un novo e moderno mercado, axustado ás necesidades actuais, e unha segunda fase de adecuación do resto do edificio para usos sociais, culturais e artísticos.

O novo mercado albergará 4 postos: un posto de pescado, un posto de carne, outro adicado á froita e verdura e outro de flores.

O deseño do proxecto do novo mercado elaborouse coa participación da poboación a través dun proceso participativo, mediante o cal elaborouse o plan de usos e o proxecto para remodelar a parte

frontal do edificio onde ubicarase o novo mercado, que levaba tempo pechado.

O importe total do investimento rolda os 110.000 euros, dos que 70.000 serán achegados pola Consellería de Industria, logo de que esta aprobara o proxecto dentro da convocatoria "Espazos de Emprendemento Comercial no Rural" o pasado verán. O Concello sufragará o resto do investimento con fondos propios.

A finalización da obra está prevista para o vindeiro mes de decembro, de cara á campaña de Nadal. Paralelamente á última fase das obras levarase a cabo o proceso de información para a adxudicación dos postos ás persoas interesadas, a través de su-
basta pública.



Francisco Álvarez "Koki" presenta o seu novo poemario "Erótica...(dos)"

O poeta guardés Francisco Álvarez "Koki", presenta o seu novo libro de poemas "Erótica...(dos)", Antoloxía de amor (1980-2017), editado por Pigmalión Edypro.




O acto, presentado polo xornalista vigués Fernando Franco, terá lugar na cafetería Detrás do Marco, na rúa Londres (detrás da rúa do Príncipe) en Vigo, o sábado día 11 de Novembro, ás oito da tarde.

Francisco Álvarez "Koki", nado na Guarda en 1957 e residente en Nova York desde 1984, é autor dunha ducia de libros,

de eles varias antoloxías de escritores hispanos en Nova York.

Os seus últimos libros publicados son o poemario "Sombra de Luna" (2015) e "Ratas en Manhattan", relatos que falan da cara B do soño americano, do naufraxio dos soños e a emigración que o autor padece na súa propia carne ou da nostalxia da terra propia.



Município de Vila Nova de Cerveira associa-se a campanha de recolha de alimentos para animais afetados pelos incêndios

A Associação de Médicos Veterinários dos Municípios (ANVETEM), em estreita parceria com o Município de Vila Nova de Cerveira e a Ordem dos Médicos Veterinários (OMV), angariaram 9 toneladas de alimentação animal, entre feno silagem de aveia e azevém e silagem de milho, para colmatar as necessidades das zonas mais fustigadas pelos incêndios do passado fim-de-semana a Norte do Tejo.

O grande volume de produtos angariados seguiu, esta quinta-feira, tendo como destino a ANCOSE em Oliveira do Hospital, onde equipas destacadas no terreno a farão chegar às explorações de animais mais necessitadas, após a fustigação de milhares de hectares de floresta e de terrenos de pasto.



Tal como é sublinhado pela Associação de Médicos Veterinários dos Municípios, uma palavra especial de agradecimento ao produtor Rosamel Pires Venade que doou grande parte desta carga e assegurou a logística de carregamento do camião.

De sublinhar que se encontra aberta uma conta solidária da Ordem dos Médicos Veterinários (IBAN PT50 0033 0000 00132948492 05) cujos donativos destinam-se exclusivamente para ajudar os animais das zonas afetadas.

Bienal de Cerveira promove debate sobre os seus 40 anos

No âmbito das comemorações dos 40 anos da Bienal Internacional de Arte de Cerveira a Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC) vai realizar no dia 04 de novembro um debate sobre o seu percurso, reunindo críticos, artistas, instituições e comunidade.

Partindo de uma reflexão sobre as características que marcaram e definiram a bienal de arte mais antiga do país e da Península Ibérica, o "Debate: Antevision dos

40 anos da Bienal Internacional de Arte de Cerveira" pretende refletir sobre a sua projeção no futuro.

Num programa que reúne especialistas, instituições e artistas, serão duas as abordagens principais. "Entre arte, artistas, parceiras e públicos" é o nome do primeiro painel, que dará enfoque às características que marcaram e definiram o evento ao longo da sua história e a sua importância no panorama artístico contempo-

râneo, bem como a sua relação com o Ensino Superior e com o seu público. Da parte da tarde, a mesa "Contextualizações e estratégias políticas culturais" irá explorar, sob um ponto de vista institucional, políticas culturais, educacionais e museológicas nacionais e locais. O evento encerrará com um debate aberto sobre o seu futuro, havendo espaço para diálogo com a comunidade e todos aqueles que têm acompanhado estas quase quatro décadas.

En novembro O Porriño "se destapa" co Pinchorriño

Os amantes do tapeo teñen unha nova cita co Pinchorriño, a cita gastronómica organizada pola Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (ACIPOR) e a Asociación de Hostaleiros da localidade coa colaboración do Concello.

Este 2017, como salientou o concelleiro de Comercio, Marcelino Coto, na presentación feita este luns ao mediodía, o 12º Pinchorriño rexistrará unha nova

marca de participantes: 44 establecementos en total fronte aos 41 do ano pasado, que todos os venres e sábados de novembro, de 7 da tarde a 11 da noite, ofrecerán un pincho de balde aos seus clientes.

Coto desvelou que o segredo do "éxito" desta iniciativa está "na calidade e no prezo dos pinchos que se serven". Na mesma liña, a presidenta de Acipor, Juana Pérez, garantiu que os pre-

zos das consumicións non subirán durante os días de celebración do Pinchorriño e lembrou que o custo desta mostra da gastronomía do Porriño recae nos propios hostaleiros.

O obxectivo este ano é o de superar as máis de 18.500 persoas que participaron na edición de 2016, unha meta que está ao alcance da man considerando que haberá tapas para todos os gustos e de todas as texturas e sa-

Cerveira-Tomiño presente em sessão europeia de promoção do crescimento e coesão das regiões fronteiriças

O presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, participou, esta quarta-feira, em Mérida, num workshop promovido pela Comissão Europeia, integrado na Conferência Anual da Associação das Regiões Fronteiriças da Europa. Cerveira-Tomiño acompanha as dinâmicas europeias para impulsionar a cooperação transfronteiriça.

No seguimento da comunicação enviada, em julho do corrente ano, pela Comissão Europeia ao Conselho e ao Parlamento Europeu, em torno do "crescimento e coesão das regiões fronteiriças da EU", a DG Regio da Comissão Europeia reuniu um conjunto de entidades, com o objetivo de analisar os interesses estratégicos comuns destas regiões ao nível europeu.

A participação de Cerveira-Tomiño neste encontro, representada pelo Presidente do Município de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, serviu para conhecer as medidas

em curso adotadas pela CE ou pelas instituições nacionais para os territórios de fronteira.

A sessão de trabalhos decorreu ao longo de todo o dia, com a apresentação de um plano de ação proposto pela Comissão Europeia para combater os principais obstáculos que as regiões fronteiriças enfrentam no seu desenvolvimento. O programa do workshop contou ainda com a partilha de alguns casos práticos de sucesso, nomeadamente na vertente da mobilidade de trabalho (Galiza-Norte de Portugal), da Multilinguismo (fronteira França-Espanha), da Saúde (Itália e Eslovénia) e do Transporte (Fronteira França Alemanha).



bores, mesmo pinchos para veganos, sem glúten e para celíacos.

A 'ruta' dos pinchos, os locais, as suas propostas, mesmo fotografias dos pinchos, podem seguir-se por meio da APP 'Que-damosdeTapas', que pode baixarse desde Google Play e

AppStore. Assim mesmo, os clientes podem optar a ganhar uma estadia numa casa de turismo rural selando, no folheto que estará a dispor nos próprios locais, quatro cupões de quatro estabelecimentos s participantes no Pinchorriño 2017.

Vigo contará cun orzamento en 2018 de 256 millóns, con 34 para inversións e máis de 15 para política social

O Concello de Vigo contará cun orzamento de máis de 256 millóns para 2018, un 10% máis do que recollían as contas do ano en curso. Tal e como recalcou o rexedor, este aumento rexístrase nunha situación de débeda cero, coa presión máis fiscal máis baixa de Galicia e con superávit durante sete anos consecutivos. Os investimentos pasan de 16 a case 34 millóns grazas a achegas da Unión Europea e da Deputación.

O alcalde de Vigo destacou esta mañá que o orzamento de 2018 é o undécimo ininterrompido que ten a cidade o que revela a estabilidade política e económica da que goza Vigo desde 2007. Na presentación das contas municipais á prensa, insistiu en que o goberno aprobará o orzamento de forma definitiva o 27 de decembro o que "probablemente a converterá na primeira gran cidade en España co orzamento aprobado". Referiuse aos 256.542.696 millóns do orzamento consolidado de 2018 como a cifra máis alta da historia e un 10,06% superior a 2017 (233.094.593 millóns). Estes 23,5 millóns de aumento non implicarán un incremento de presión fiscal -que se mantén como a máis baixa de todas as cidades galegas- senón que proceden de fondos europeos. Caballero salientou a solvencia das arcas públicas, con débeda cero, superávit nos últimos sete anos, o máis breve período de pago pagadores a provedores e con 7,2 millóns en beneficios fiscais.

Respecto das grandes cifras do orzamento, as inversións se multiplican por 2,1, pasando de 16.221.498 millóns en 2017 a 34.737.257€; en política social, o gasto crece nun 4,02%, desde 14.287.342€ a 14.861.686€; en emprego, aumentouse nun 6,11%, pasando de 5.022.184 a 5.329.053€; en ensino, o crecemento elévase ao 5,83%, desde 14.257.309 a 15.089.121€; en cultura, o investimento en 2017 era de 11.417.442 e agora é de 13.110.452€, o que supón un crecemento de case un 15%; en deporte o aumento é de 31,08%, pasando de 12.475.399 a 16.352.665; o gasto de comercio e turismo sube nun 2,41%, o que

eleva o orzamento desde 5.357.596 a 5.486.520 millóns. Na rolda de prensa, o alcalde singularizou ademais os case dous millóns adicados a bolsas de inglés (1.924.000€), o que supón un crecemento de 264.000€ (+5,86%) respecto ao ano pasado.

Investimentos

O capítulo de investimentos arrancou coa gran reforma do Parque de Bombeiros de Balaídos (810.000€); avenida de Europa (expropiación de terreos e primeira anualidade de urbanización) (800.000€); mellora paseo do Lagares (157.000€); carril bici Teis: (1.400.000€); estación AVE (327.000€); humanización terreos Adif Serafín Avendaño-Canadelo Baixo (100.000€); humanización Rúa Pazos, Menéndez Pelayo-López Mora (136.000€); humanización García Barbón -entre Serafín Avendaño e Rosalía de Castro- (100.000€); humanización García Barbón -entre Rosalía de Castro e Isaac Peral- (100.000€); humanización Ronda don Bosco (100.000€); mellora de infraestruturas en parroquias (430.000€); humanización Gregorio Espino fase 3: (100.000€); Convenio Deputación (1ª anualidade) Igrexa Beade-A Garrida (1.419.661€); convenio Deputación (1ª anualidade) Estrada Provincial (G.V. Arquitecto Palacios): (1.234.817€); humanización García Olloqui e Praza Compostela (525.000€); humanización García Lorca (390.000€); humanización Camélias -entre Juan Ramón Jiménez e Hispanidad- (100.000€); humanización entorno Rosalía de Castro -entre Serafín Avendaño e Heraclio Botana- (90.000€); humanización rúa Escuelas Públicas: (200.000€) e humanización rúa Aragón, fase 3 (100.000€).

Dentro dos fondos DUSI, Caballero mencionou o proxecto de Gran Vía, con 4,8 millóns; o de Porta do Sol, con 5,1 millóns, a conexión da Praza Isabel La Católica con San Salvador e o ascensor de Juan Ramón Jiménez-Valterra-Torrecedeira, cun investimento superior ao millón de€ e, por último, a humanización de Marqués de Valtierra.

Para parques e xardíns, mellora de pistas deportivas (100.000€), recuperación de zonas verdes (90.000€) e 1,3 millóns para

novas áreas. Respecto a educación, o rexedor mencionou 450.000 para a cubrición de patios de colexios "aínda que é unha competencia da Xunta de Galicia"; mellora da Escola de Música de Beade (250.000€); cubrición do Centro Cultural Becerreira (200.000€) e nova sala de lectura e usos múltiples de Navia (324.000€). Dentro de Patrimonio Histórico, destacou a recuperación de Finca Solita, con 277.000€.

Especial atención adicou Caballero aos investimentos deportivos, comenzando coa 1ª anualidade da cubrición e arranxo das pistas de tenis de Samil (case 250.000€); 1ª anualidade do novo pavillón de Quirós (1,5 millóns); convenio coa Deputación para a 1ª anualidade das novas instalacións deportivas de Romil (preto dun millón); 2ª anualidade do Campo de fútbol de Carballal (case medio millón); redacción proxecto e primeira anualidade de pistas baixo grada de Río (486.605€); mellora de vestiarios e campos de fútbol: 200.000€; convenio Deputación para renovación do céspede en campos de fútbol (1.270.000€) e proxectos de Gol-Marcador e aparcamento de Balaídos (1,3 millóns).

Áreas

As políticas sociais aumentan un 4,2% ata os 15 millóns nas contas de 2018 o que a volve a situar a Vigo como a cidade con máis política de benestar de toda España. Tal e como detallou, Programa antidesafuzamentos (2,5 millóns); albergue (830.000€); bolsas de libros e de comedor (1,8 millóns); ademais de múltiples convenios nominativos con colectivos como Alborada, Enfermos psíquicos, San Francisco, Banco de Alimentos, Mayores de Vigo, Asociación contra el Cáncer, Programa Xordos, Subvencións asociacións de carácter social; AFAN, Misioneros de los Hermanos Pobres, Comedor de la Esperanza, Menela, AFAGA, Pobo Saharai e Vida Digna, entre outros.

O servizo de axuda no fogar recibe 4,5 millóns, o programa de menores, 516.000€, CEDRO, 1,5 millóns e, dentro do programa DUSI, habilitouse unha partida de 350.000€ para a atención de persoas en risco social e maiores. Res-



pecto a estes últimos, as contas inclúen este ano 350.000€ para cofinanciar os centros de día de Teis, Coia e Lavadores. O Concello vese obrigado a financiar parte da política social competencia da Xunta porque así llo esixe unha lei autonómica recentemente aprobada que foi duramente criticada polo alcalde de Vigo.

O investimento en educación ascende a 15,1 millóns, o que supón un aumento de case un 6% respecto a 2017. Preto de 3 millóns para a limpeza dos centros educativos; 650.000 e 110.000€ para subministro de enerxía e de gas, respectivamente; case 2 millóns para escolas municipais, incluídas as infantís; 1,9 millóns para enviar a estudar a inglés a 850 alumnos e alumnas de Vigo. Tamén se referiu á Uned que o Concello mantén en exclusiva cun orzamento de 800.000 aproximadamente.

A política de emprego crece tamén máis dun 6%, ata os 5,3 millóns, destacando as seguintes partidas: Plan Municipal de Emprego (1.500.000€); Dusi: Proxecto europeo de fomento de emprego (450.000€); Plan de Emprego Xuvenil (95.000€); axudas á creación de empresas (70.000€); convenios con sindicatos (66.000€); Rede de mulleres contra os malos tratos (50.000€); Érguete (540.000€) cuidadores de barrio; Conxemar (100.000€) ou a FERIA Vigo Sea Fest-Industria Pesqueira (105.000€).

No tocante ao gasto en deporte, destacou un aumento dun 31,08%, cunhas achegas directas aos clubs por valor de case 2,1 millóns, unha cifra que permite ao alcalde cumprir o compromiso que adquiriu ao principio do mandato de duplicar as axudas ao deporte. Este ano, vaise impulsar

especialmente o apoio ao deporte feminino con 338.000€, seguindo a liña iniciada o ano pasado.

O orzamento de cultura ascende aos 13,1 millóns, mentres que en Turismo mantense a promoción das rutas aéreas, o Convenio Illas Cíes Patrimonio da Humanidade (250.000€) e a Vigo Convention Bureau (200.000€). Na área de Comercio destacou: o Plan de dinamización do comercio (200.000€); Plan de dinamización de centros comerciais (140.000€); subvencións ao pequeno comercio (50.000€) e o alumado de Nadal: (636.000€).

O gasto en parques e xardíns sube un 8%, ata os 8,6 millóns, cunha partida de 1,3 para novas áreas de recreo; mentres que no departamento de Igualdade seguirá a funcionar o Centro de Emerxencia (250.000€ -a metade do orzamento), o programa Cangros (158.000€) e, entre outros, a colaboración coa Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (30.000€).

Outros datos

O Concello adica 16,5 millóns a Seguridade e orde público e outros 7,8 á ordenación do tráfico e seguridade, o que eleva a 24 millóns a cantidade que o Concello adica á seguridade, unha cantidade á que hai que sumar 8,5 millóns destinados á extinción de lumes.

Tramitación

Respecto da tramitación, Caballero apuntou que o luns 6 de novembro reunírase o Consello Social, mentres que o pleno de aprobación inicial será xoves 16 de novembro - nesta mesma data se celebrará o Pleno sobre os lumes solicitado polo grupo municipal do PP-. Finalmente, o 27 de decembro se convocará o pleno para a aprobación definitiva das contas de 2018.

O Fondo Galego de Cooperación conmemora os seus 20 anos cun gran acto festivo e reivindicativo

O evento desenvolverase o xoves 9 de novembro a partir das 11 horas na Cidade da Cultura, con actuacións musicais, contos e lectura de poemas

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade conmemora os seus vinte anos de andaina cun gran acto que combinará a reivindicación da loita contra a pobreza e a defensa dos Dereitos Humanos con actividades de carácter lúdico para concienciar fronte as desigualdades. Preto de un cento de repre-

sentantes de concellos galegos, da Xunta e de fondos de cooperación doutras comunidades autónomas, entre outros, confirmaron xa a súa presenza na xornada, que se desenvolverá o vindeiro xoves, 9 de novembro, na Cidade da Cultura (Santiago de Compostela), a partir das 11 horas.

A compañía de clown Pallasos en Rebel-día será a encargada de conducir o evento, que contará cos contos da Tropa de Trapo, a lectura de poemas e relatos por parte da escritora Marilar Aleixandre ou a música do grupo de mulleres de orixe caboverdiana Batuko Tabanka. As actuacións intercalaranse con discursos a cargo do presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González; da presidenta saínte da Confederación de Fondos, Meritxell Budó, e do vicepresidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e alcalde de Oroso, Manuel Mirás, alén doutras autoridades.

Ademais, proxectaranse varios vídeos sobre a entidade e nos soportais da Biblioteca instalárase a exposición '20 anos a

Fondo coa solidariedade', deseñada polo ilustrador Pepe Carreiro, mentres que ao remate se servirá un vermú galego. As persoas interesadas en acudir deberán reservar a súa praza no 986 843 436 ou en comunicacion@fondogalego.org.

Por outra parte, na tarde anterior, o mércores día 8, ás 16.30 horas terá lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a asemblea anual da Confederación de Fondos, á que acudirán representantes de Galicia, Euskadi, Andalucía, Extremadura, Cataluña, Valencia, Mallorca, Menorca e Eivisa. Ademais de aprobar o plan de traballo para os próximos meses, que suporá unha reactivación da entidade, o Fondo Galego presenta a súa candidatura para ocupar a Presidencia da Confederación a nivel estatal.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Soli-

dariedade está integrado por 91 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en preto de 30 países, entre os que destacan Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e, na actualidade, Mozambique.

Ao tempo, promove numerosas actividades e materiais para sensibilizar á cidadanía galega a prol da solidariedade internacional, a realidade do Sur, a equidade de xénero, as persoas migrantes e refuxiadas, etc. O Fondo Galego está recoñecido pola Fegamp como axencia municipal da cooperación galega e avalado pola Unión Europea como referente para a promoción das redes de cooperación descentralizada.



O Patrimonio Cultural e Natural de Tomiño chega a Europa da man do IES Antón Alonso Ríos

No marco do Proxecto Erasmus+ Mémoire(s) que se está a desenvolver no IES Antón Alonso Ríos en coordinación con centros europeos de Alemaña, Francia, Grecia, Italia e Portugal, mocidade e profesorado veñen de pór en valor o rico patrimonio cultural e natural co que conta o Concello de Tomiño.

Este patrimonio amósase a Europa a través dun percorrido que se inicia no Mirador do Niño do Corvo, e pasa por lugares como a Fortaleza de Goián, o santuario de San Campio de Lonxe, a Pedra Furada de Vilachán, os

Muíños de Vilameán, os petróglifos do monte Tetón, a igrexa de Santa Mª de Tebra, as Escolas Indianas, a Ponte Vella de Taborda sobre o río Ceireixo, a área recreativa do río da Pedra... sen esquecer a pegada dos artistas da terra, e que finaliza nos remodelados, Mercado de Abastos e Praza do Seixo.

A actividade, que terá proxección en Europa, achégalle á mocidade europea, aqueles lugares que son parte da memoria individual e colectiva que forma a identidade propia dun pobo.



Alumnos do IES Antón Alonso Ríos na Fortaleza de Goián.

Portugal será o país convidado en Xantar do 31 de xaneiro ao 4 de febrero de 2018

Despois de celebrar a maioría de idade durante a súa última edición, Xantar afronta aos seus 19 anos un novo ciclo como Salón Internacional de Turismo Gastronómico volviendo ás súas orixes e primando ao país que é coprotagonista do evento e un dos principais mercados turísticos, Portugal. O país veciño será, por tanto, o invitado en Xantar 2018, que se celebrará en Ourense entre o 31 de xaneiro e o 4 de febreiro do próximo ano.

Esta elección de Portugal como país invitado foi anunciada o 19 de outubro en Arcos de Valdevez no marco dun Fam Press organizado pola Entidade

de Turismo Porto e Norte, principal socio estratéxico luso do único salón internacional de turismo gastronómico de España. O anuncio correu a cargo do director de Xantar, Alejandro Rubín, que estivo acompañado pola directora de Turismo Porto e Norte, Isabel de Castro; polo presidente da Cámara Municipal de Arcos de Valdevez, Joao Manuel Esteves, e polo seu concelleiro de medio ambiente, Olegario Gonçalves.

Portugal estivo presente en Xantar desde a súa primeira edición e foi aumentando progresivamente a súa participación tanto en número de restaurantes como de expositores ou visitan-

tes, ademais da presenza de delegacións empresariais relacionadas co turismo e a gastronomía de distintas partes do país. A Entidade de Turismo Porto Norte é o principal socio estratéxico de Xantar no país veciño e facilita cada ano a participación de numerosas cámaras municipais lusas que acoden ao salón con caseta e organizan múltiples showcookings, catas comentadas e degustacións para promocionar o turismo de proximidade.

Espérase a masiva presenza de expositores, destacando na oferta da restauración da próxima edición, e de visitantes deste país, así como a representación da gastronomía e o tu-



Rolda de prensa celebrada na localidade portuguesa de Sistelo (Arcos de Valdevez).

rismo de todas as rexións lusas, peninsulares e insulares. Trátase dunha elección que ten un componente emocional pola unión que sempre existiu entre Galicia e Portugal, pero tamén estratéxica, xa que é o principal mer-

cado emisor de turistas estranxeiros a Galicia. E ao mesmo tempo a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal conforman un destino único cunha oferta enogastronómica de calidade para situarse internacionalmente.



19º Salón Internacional de Turismo Gastronómico



**Ourense,
31.01 - 04.02
2018**

O centro de negocios internacional para os profesionais do turismo e a enogastronomía



Máis información en www.xantar.org

Organiza:



Co apoio de:

